Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ás causas da evolución que presentan as diferenzas salariais entre homes e mulleres, a fenda salarial en Galicia en relación co resto do Estado e os salarios da mocidade, así como a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 31665 (10/POC-004988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co impacto en Galicia das primeiras sentenzas xudiciais referidas á trama Gürtel e a súa opinión respecto da necesidade de investigar polo Consello de Contas os contratos realizados polas empresas citadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 31674 (10/POC-004990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a incidencia que está a ter a praga da avespiña nos castiñeiros e soutos galegos no ano 2018, o tipo de seguimento que se está a realizar da súa expansión e as soltas do parasito *Torymus sinensis* levadas a cabo, así como o seu impacto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 31676 (10/POC-004991)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 4 máis

Sobre o tipo de medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación cos Penedos de Pasarela e Traba dende a súa declaración como paisaxe protexida mediante o Decreto 294/2008, así como as súas previsións respecto do seu desenvolvemento

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31686 (10/POC-004992)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para atender as demandas dos profesionais da CRTVG

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 31693 (10/POC-004993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao desenvolvemento de medidas específicas para favorecer o inicio da actividade da Asociación sen ánimo de lucro Por Eles TEA Ourense, impulsada por pais e nais de persoas con autismo, e a avaliación da posibilidade de establecer algún convenio de colaboración a través do Sergas para dotala de persoal de reforzo e do material necesario, así como as súas intencións respecto do reforzo na cidade de Ourense da atención do trastorno do espectro do autismo a través da sanidade e dos servizos sociais públicos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31699 (10/POC-004994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para apoiar o Concello de Vilaboa na actualización e aprobación do seu Plan xeral de ordenación municipal e a súa incidencia para a veciñanza afectada por ordes de derrubamento ou expedientes de sanción da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística sobre as súas vivendas, así como as súas previsións en relación coa atención da solicitude do concello para axilizar o informe xurídico respecto da última documentación facilitada a Augas de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31704 (10/POC-004995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Plan especial de dotación e infraestruturas As Costeiras (PE-4), no concello de Baiona, o cumprimento do artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e as súas previsións respecto da adopción dunha resolución de remate

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31709 (10/POC-004996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación coas reclamacións da veciñanza da parroquia de San Amaro, do concello de Barro, referidas aos problemas de abastecemento de auga potable que están a padecer, como consecuencia das obras do eixe atlántico

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31713 (10/POC-004997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 4 máis

Sobre o coñecemento, as xestións levadas a cabo e as solucións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas de transporte que padecen os estudantes de bacharelato do concello de Oia e doutros concellos para acudir en aos seus institutos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31714 (10/POC-004998)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 4 máis

Sobre o coñecemento, as xestións levadas a cabo e as solucións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas de transporte que padecen os estudantes de bacharelato do concello de Oia e doutros concellos para acudir en aos seus institutos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 31719 (10/POC-004999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a existencia dalgún risco de extinción da empresa pública Seaga, se é o caso, as súas causas e as razóns que hai para non recoñecerlles aos seus traballadores os traballos realizados para os efectos da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia, así como para non aplicarlles o V Convenio colectivo e continuar coa duplicidade de tarefas de prevención e extinción no período de alto risco de incendios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 31724 (10/POC-005000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a fase na que se atopa o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo, a opinión do Goberno galego respecto do seu impacto e a suficiencia das tecnoloxías punteiras reflectidas no proxecto, así como as súas intencións referidas á existencia dun plan de restauración detallado e a posición que vai adoptar ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31727 (10/POC-005001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a alternativa elixida pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento da planificación integral da mellora da seguridade da estrada OU-402 no treito de Reza segundo as demandas veciñais, os

datos referidos á tramitación das alegacións presentadas ao proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista nese tramo e os prazos estimados para a concreción do proxecto final e a súa execución, así como as previsións ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31731 (10/POC-005003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para privatizar o servizo de Gabinete de Prensa da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada do Salnés existindo unha praza pública cuberta para a súa prestación e elixir o procedemento negociado para a súa adxudicación, así como a valoración da denuncia presentada ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31738 (10/POC-005005)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para acadar a implantación polo Ministerio de Fomento en Galicia, no polígono de Rozas, do Centro de Excelencia e do Laboratorio de *Drones* previstos no Plan estratéxico de *drones* do Estado

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 31744 (10/POC-005006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á garantía na actualidade do tratamento igualitario e homoxéneo para a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas a Galicia e as medidas demandadas ao Goberno central para a homologación e recoñecemento de oficio das pensións de invalidez recoñecidas nos países de procedencia co fin de acreditar a exención na súa tributación, así como as actuacións levadas a cabo para o cumprimento do acordo parlamentario de abril de 2017 ao respecto

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 31750 (10/POC-005007)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás causas da existencia de moitos predios aínda sen rozar como corresponde e a dispoñibilidade polos concellos de persoal suficiente para facer cumprir a normativa vixente na materia ou, se é o caso, as actuacións previstas ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 31751 (10/POC-005008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o anuncio de construción dun novo edificio na Cidade da Cultura destinado a organismos académicos como o Consorcio Interuniversitario de Galicia e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 31756 (10/POC-005009)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aplicación dunha subrogación aos traballadores de Seaga, incluíndoos no Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, así como o establecemento dalgún diálogo co comité de empresa ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 31438 (10/POC-004960)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o tratamento informativo dado pola TVG o día 24 de maio de 2018 á sentenza xudicial referida ao caso Gürtel

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 31669 (10/POC-004989)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas pola Dirección da CRTVG para atender as demandas dos seus profesionais

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 31729 (10/POC-005002)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre as interrupcións levadas a cabo durante a retransmisión pola TVG do debate da moción de censura no Congreso dos Deputados o 31 de maio de 2018 para permitir a intervención de persoas participantes nunha tertulia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, achéganse á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”,* engadindo que *“Desenvolveranse as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, decidiu destinar un investimento de preto de 5 millóns de euros para a execución da integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño francés, desde a baixada do Monte do gozo, do Camiño Portugués no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo e o Camiño inglés para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou o pasado 11 de setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras.

Neste momento, a redacción do proxecto do Camiño Inglés está practicamente finalizado o que permitirá iniciar a licitación da obra nun prazo curto, o que sen dúbida servirá para que este Camiño, que está incrementando o número de peregrinos de xeito importante, presente unha mellora substancial no seu tramo final, na chegada á meta.

Polo exposto os deputados asinantes do formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Que horizonte temporal manexa a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para a licitación e execución da obra para a adecuación paisaxística do Camiño Inglés no termo municipal de Santiago de Compostela ?
2. Cal é o tratamento que se lle vai dar ao Camiño ao seu paso pola zona industrial ou no tránsito polo cemiterio de Boisaca?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 25/05/2018 13:33:51

Paula Prado Del Río na data 25/05/2018 13:34:00

Jaime Castiñeira Broz na data 25/05/2018 13:34:09

Martín Fernández Prado na data 25/05/2018 13:34:16

Jacobo Moreira Ferro na data 25/05/2018 13:34:24

Marta Novoa Iglesias na data 25/05/2018 13:34:33

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/05/2018 13:34:41



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2018 13:48
Nº Rexistro: 31366
Data envío: 25/05/2018 13:48:28.499

Gonzalo Trenor López na data 25/05/2018 13:34:49

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/05/2018 13:34:58

Diego Calvo Pouso na data 25/05/2018 13:35:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, achéganse á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”,* engadindo que *“Desenvolveranse as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, decidiu destinar un investimento de preto de 5 millóns de euros para a execución da integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño francés, desde a baixada do Monte do gozo, do Camiño Portugués no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo e o Camiño Inglés para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou o pasado 11 de setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras.

O Camiño Francés é o Camiño por excelencia xa que é o Camiño polo que transitan máis do 60 % dos peregrinos que se achegan ata Santiago. Ademais, discorre por unha parte urbana que ten unha alta densidade de tráfico ao ser unha das saídas naturais cara ao norte ou cruza viarios importantes como a Avenida de Lugo.

Neste sentido, as propostas do equipo redactor do proxecto de adecuación paisaxística deben ter en consideración as particularidades do Camiño francés en múltiples aspectos pero particularmente na mobilidade funcional da cidade.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que horizonte temporal ten previsto a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para o remate da redacción do proxecto, licitación e obra do proxecto de adecuación paisaxística do Camiño Francés no termo municipal de Santiago de Compostela ?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 25/05/2018 13:38:07

Paula Prado Del Río na data 25/05/2018 13:38:15

Jaime Castiñeira Broz na data 25/05/2018 13:38:24

Martín Fernández Prado na data 25/05/2018 13:38:30

Jacobo Moreira Ferro na data 25/05/2018 13:38:40

Marta Novoa Iglesias na data 25/05/2018 13:38:48

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/05/2018 13:38:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Gonzalo Trenor López na data 25/05/2018 13:39:03

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/05/2018 13:39:13

Diego Calvo Pouso na data 25/05/2018 13:39:21

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, achéganse á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”,* engadindo que *“Desenvolveranse as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, decidiu destinar un investimento de preto de 5 millóns de euros para a execución da integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño francés, desde a baixada do Monte do gozo, do Camiño Portugués no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo e o Camiño inglés para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou o pasado 11 de setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda reforzou o seu compromiso coa posta en valor dos Camiños, ampliando os obxectivos marcados ao inicio deste complexo expediente, en aras de acadar a mellora estética e funcional do Camiño, coa intención de construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade á experiencia do peregrino.

Neste sentido, faise necesario trasladar este compromiso ao proxecto e rematar a redacción do proxecto de adecuación paisaxística do Camiño Portugués o único Camiño que, no seu percorrido polo termo de Santiago de Compostela, discorre a carón do único BIC existente fóra do Casco Histórico da cidade.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que novos obxectivos e actuacións de mellora se pretenden incluír no proxecto de adecuación paisaxística do Camiño Portugués no termo municipal de Santiago de Compostela ?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 25/05/2018 13:43:49

Paula Prado Del Río na data 25/05/2018 13:43:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Jaime Castiñeira Broz na data 25/05/2018 13:44:08

Martín Fernández Prado na data 25/05/2018 13:44:14

Jacobo Moreira Ferro na data 25/05/2018 13:44:24

Marta Novoa Iglesias na data 25/05/2018 13:44:34

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/05/2018 13:44:41

Gonzalo Trenor López na data 25/05/2018 13:44:49

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/05/2018 13:44:58

Diego Calvo Pouso na data 25/05/2018 13:45:06

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A sentenza da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional do pasado día 8 de marzo de 2018, en recurso número 310/2015, confirmou a correspondente resolución do Tribunal Económico Administrativo Central do 5 de febreiro de 2015 sobre os acordos da Administración tributaria de liquidación e sanción polo Imposto de Sociedades, por importes de 6.059.636,41 euros e de 3.220.763,25 euros, á compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.), por celebración de negocios xurídicos simulados (“préstamos participativos” dentro do grupo empresarial) para defraudar á facenda pública.

Como queira que a devandita compañía mercantil, ou algunha ás que sucedeu, puidese ser adxudicataria de contratos no ámbito do sector público autonómico, cómpre analizar se con motivo da situación fiscal confirmada pola Audiencia Nacional algún dos contratos poida incorrer en supostos de nulidade e se se aprecian ou apreciaron, de ser o caso, polos órganos de contratación autonómicos circunstancias de prohibición para contratar que afectan a este grupo empresarial.

Polo exposto os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a relación de contratos formalizados no ámbito do sector público autonómico por parte da compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.)?

Grupo Parlamentario

2ª) Se for o caso, apreciouse polos órganos de contratación algunha causa de prohibición para contratar por parte desta compañía no curso dos procedementos de adxudicación aos que concorreu?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para verificar os contratos que a compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.) puidese ter formalizado no ámbito do sector público autonómico e a posible concorrencia de causas de prohibición para contratar nesta mercantil que afectasen a validez dos contratos?

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/05/2018 13:08:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/05/2018 13:08:12

María Dolores Toja Suárez na data 25/05/2018 13:08:17

Julio Torrado Quintela na data 25/05/2018 13:08:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/05/2018 13:08:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/05/2018 13:09:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 31392
Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Nas pasadas semanas a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría de Estado de Medio Ambiente tivo en período de consultas a avaliación do impacto ambiental dos proxectos de parques eólicos promovidos pola empresa **GREEN CAPITAL POWER, S.L.**; coñecidos como **Ardemil (Ordes), A Pobra (Mesía) e Labandeira (Vilasantar)**. O coñecemento destes proxectos por parte dos concellos afectados foi moi tardía pois a faísca saltou nos últimos días do prazo de alegacións. Era tal o despropósito e a falsidade de datos contidos e foi tal a alarma creada que a mesma empresa comunicou ós respectivos alcaldes que desistía deles. Pero a verdade é que seguen activos en fase de consultas na páxina Web do Ministerio.

O que non se sabía é que a mesma empresa tiña xa desde outubro de 2017 presentada unha solicitude ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria de polo menos 2 novos parques na comarca, pois se están a tramitar na Dirección Xeral de Enerxía e Minas expedientes de autorización administrativa previa á construción de dous PARQUES EÓLICOS – os denominados **MONTE INXERIO** (Ordes e Cerceda) e **GASALLA** (Frades e Mesía)- na Comarca de Ordes, promovidos por



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 31392
Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

Green Capital Power ao amparo da Lei 8/2009, sen que ata a data actual se enviase comunicado oficial a ningún dos Concellos afectados.

Os efectos da instalación dos aeroxeradores na poboación, na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan están a xerar un importante rexeitamento das veciñas e dos veciños destes concellos, cun territorio maiormente marcado polo seu óptimo aproveitamento rural, agrícola, gandeiro e forestal; o que suscita adoptar un criterio razoable de que nos atopamos en espazos territoriais non axeitados para a instalación de parques eólicos e as infraestruturas paralelas que levan aparelladas.

Se atendemos as localizacións e características dos elementos de cada un destes parques eólicos, e analizando as localizacións propostas pola promotora, resulta inadmisíbel e inaceptable a colocación destes aeroxeradores, dun xeito significativo e relevante pola súa afección á poboación, dado que en concellos como os nosos, cuxos núcleos rurais de asentamento se encontran moi diseminados, ou inclusive coa existencia de vivendas illadas, a pretendida localización destes é moi próxima ás vivendas, a pesar de tratar de xustificar os 500 metros que marca o plan eólico galego. O efecto sombra, a reflexión solar e o ruído, capaz de afectar tanto ao oído humano como ao seu sistema nervioso, resultarán nocivos para a saúde das veciñas e dos veciños.

Ademais, non podemos obviar que a transformación da paisaxe resulta irreversible dada a orografía do terreo do noso contorno, tanto polo tamaño dos aeroxeradores como polos demais elementos do parque (edificacións auxiliares, vías internas, rede eléctrica, etc.). Igualmente a avifauna vese seriamente afectada, pola afección non só do seu hábitat senón tamén dos seus costumes, así coma das consecuencias negativas para o solo e a auga.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 31392
Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

En canto ás figuras de protección medioambiental, cómpre recordar que na nosa comarca se atopa: o espazo protexido LIC río Tambre así como espazos de Rede Natura; espazos naturais de interese local de acordo co disposto na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza; parte do espazo sitúase dentro da Reserva da Biosfera denominada “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; así como o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Inglés).

Para rematar, cómpre engadir que nos atopamos nunha comarca cunha alta porcentaxe de terreos sometidos a procesos de concentración parcelaria, que no caso de Frades, Mesía e Oroso aproxímase ao 100% do seu territorio, e en Ordes supera o 80%; e que no caso concreto dos dous parques mencionados afecta integramente terreos cun alto potencial de aproveitamento do solo, ben sexa nas terras de labor desde o punto de vista agrícola e gandeiro, como nas terras a monte para un óptimo aproveitamento forestal.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento a Xunta de Galicia das incoherencias dos proxectos de Parques Eólicos de MONTE INXERIO E GASALLA promovidos pola empresa Green Capital Power e cal é a súa valoración?

-Considera a Xunta e Galicia que estes proxectos teñen a seriedade e as garantías necesarias para seren levados a cabo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente a Xunta de Galicia do impacto social e ambiental que tería a instalación destes Parques Eólicos?

-Considera a Xunta de Galicia que a contraprestación económica que estes proxectos deixan na zona afectada é proporcionada ó impacto medioambiental e social que xeran?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 10:42:10

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 10:42:15



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 31392
Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 10:42:17

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 10:42:18

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 10:42:19

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 10:42:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 11:38
Nº Rexistro: 31397
Data envío: 28/05/2018 11:38:04.093

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O Conservatorio Profesional de Música de Lalín ten actualmente 160 alumnos, un cadro de 12 profesores (6 a xornada completa e 6 a media xornada) e unha praza de conserxe e outra de persoal de limpeza. O seu orzamento anual de gastos é de 321.986,08 euros, mentres que conta con 94.983,50 euros de ingresos, polo que a maior parte do financiamento, isto é 227.002,58 euros, corre por conta do concello de Lalín. O resto dos ingresos proceden do pagamento de taxas (77.983,30 euros) e da subvención da Deputación Provincial (17.000 euros).

Cómpre ter en conta que se trata dunha competencia en materia educativa, que non lle corresponde ao concello. Ao mesmo tempo, a alumnado do centro procede de diferentes municipios da comarca, polo que non parece lóxico que se financie maioritariamente con achegas do concello de Lalín.

O Conservatorio presta un servizo fundamental para a formación musical de mozos e mozas da comarca do Deza, e entre o seu alumnado figuran integrantes das bandas de música da zona como a de Lalín, Vilatuxe, Muimenta ou Prado. De non existir un centro destas características, estes mozos e mozas terían que desprazarse a Santiago ou a Pontevedra para cursar os estudos musicais.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 11:38
Nº Rexistro: 31397
Data envío: 28/05/2018 11:38:04.093

Dado que se trata dunha actividade de carácter educativo que non é de competencia municipal, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten previsto a Xunta de Galiza asumir a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín?

-Considera lóxico que o Conservatorio sexa financiado maioritariamente polo concello de Lalín?

-Considera apropiado que os centros de educación musical dependan dos concellos?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 11:38
Nº Rexistro: 31397
Data envío: 28/05/2018 11:38:04.093

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 11:35:19

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 11:35:24

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 11:35:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 11:35:27

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 11:35:28

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 11:35:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:17
Nº Rexistro: 31403
Data envío: 28/05/2018 12:17:42.500

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á demora do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

A OMS define a discapacidade como un termo xeral que abarca as deficiencias, as limitacións da actividade e as restricións da participación. As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal: as limitacións da actividade son dificultades para executar accións ou tarefas e as restricións da participación son problemas para participar en situacións vitais.

Por conseguinte, a discapacidade é un fenómeno complexo que reflexa unha interacción entre as características do organismo humano e as características da sociedade na que vive.

A orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. No artigo 8 establece como prazo máximo para resolver o recoñecemento de grao 3 meses para instrución e resolución de expediente, data a partir da cal se desestima por



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:17
Nº Rexistro: 31403
Data envío: 28/05/2018 12:17:42.500

silencio administrativo segundo o artigo 9, e tendo obriga a Administración de resolver expresamente.

Estas limitacións ou restricións impiden en gran parte das persoas, ou os coidadores principais destas, que solicitan a valoración de grao o normal desenvolvemento da súa vida laboral ocasionando baixas reiteradas, Incapacidades ou mesmo a expulsión (por despedimento) do mundo laboral. Isto conleva unha diminución importante de ingresos da unidade familiar, que na maioría das ocasións vai acompañada tamén nun aumento de gastos derivados do desprazamento (e gasto de parking) a consultas médicas, probas diagnósticas, tratamentos e/ou rehabilitación, gastos de fármacos algúns deles non subvencionados e outros gastos derivados da enfermidade ou lesión pola que se solicita o recoñecemento do grao. Teñen que pagar un elevado custe: e perda de saúde e os gastos que ocasiona.

A falta de recoñecemento de grao supón a demora ao accesos de determinados beneficios sociais que poden supoñer unha mellora no económico da unidade familiar, o acceso a formación ou facilidades para acceder a un novo emprego.

Todo isto leva consigo o risco da exclusión social, derivada dunha situación que impide a desenvolver o seu traballo e vida normal por unha deficiencia que limita a actividade e restrinxen a participación na vida normal, que xa é suficientemente grave, como para aínda por riba agravalala máis levando a súa vida a un grao de pobreza extrema que impide tanto aos afectados/as como ao seu entorno familiar levar unha vida normal.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:17
Nº Rexistro: 31403
Data envío: 28/05/2018 12:17:42.500

A Administración ten a obriga de corrixir estas situacións, para que ningunha persoas se sinta excluída e apartada dunha vida digna, e debe facilitar coa máxima urxencia posible a valoración dos graos de discapacidade, para poder beneficiarse de todas as melloras sociais e laborais, para non correr o risco de exclusión social tanto da persoa afectada como do seu entorno familiar.

A realidade é que as persoas que están agardando a que se instrúa e resolva o expediente teñen que agardar unha media de meses para ser citadas para a súa valoración en Galiza, sendo na provincia de Pontevedra a situación dramática, chagando a tres anos de agarda. Existe unha entrada media de 4.500 expedientes anuais e a media dos que se resolven é de 3000, co que cada ano vanse acumulando como mínimo 1.500 sen resolver. Estamos diante dun problema estrutural, que non se resolve con parches como o anunciado de contrato de equipos de forma temporal.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coida o Goberno galego que coa contratación temporal de equipos de valoración para a determinación do grao de discapacidade vai resolver o problema estrutural existente?

-Por canto tempo se vai contratar aos equipos EVO?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:17
Nº Rexistro: 31403
Data envío: 28/05/2018 12:17:42.500

-Cal é a razón de non dotar de xeito permanente dos equipos precisos para dar respostas ao problema estrutural existente de falta de persoal dos equipos EVO?

-Como permitiu que a situación na provincia de Pontevedra chegara a tal magnitude, causando tanto prexuízo a miles de persoas afectadas?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 12:13:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:17
Nº Rexistro: 31403
Data envío: 28/05/2018 12:17:42.500

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 12:13:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 12:13:13

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 12:13:14

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 12:13:16

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 12:13:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 31410
Data envío: 28/05/2018 12:57:59.015

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O pasado 25 de xaneiro de 2018 o Pleno da Corporación Municipal de Vigo deulle o visto bo á Aprobación Inicial da Segunda Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia, promovido pola Xunta de Galiza.

No proceso de información pública presentáronse máis de 2.500 alegacións, o que pon de manifesto un amplo rexeitamento social e veciñal a aspectos centrais da modificación do Plan. Unha boa parte das alegacións foron promovidas pola Asociación Veciñal Vigo Novo de Navia, que propoñen cambios substanciais en aspectos centrais do proxecto que teñen que ver coa calidade de vida como a edificabilidade, a mobilidade, as zonas verdes, os equipamentos socieducativos ou a protección contra o ruído.

As alegacións presentadas propoñen modificacións nos seguintes aspectos:

a) Número de vivendas:

Diante do incremento significativo das vivendas que se prevé construír, que pasan das 613 previstas en anteriores plans a 1.180 e tendo en conta que o total das



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 31410
Data envío: 28/05/2018 12:57:59.015

vivendas, contando coas 3.732 xa construídas sería de 5.525 vivendas ao final da promoción, as alegacións veciñais propoñen

- Unha redución significativa das vivendas a construír levándoas ás 613 inicialmente previstas.

- Supresión das tipoloxías con alturas superiores a Baixo+II+baixo cuberta.

b) Zonas verdes e preservación da masa forestal:

As alegacións veciñais formulan as seguintes propostas:

- A adecuación das zonas verdes, lecer, edificacións e rede viaria ás masas forestais aínda existentes. Nomeadamente, e sen descartar a protección do resto das masas forestais, a eliminación do viario-continuidade da rúa As Teixugueiras na Etapa IIIB en dirección a rúa Tomada, para salvar na súa integridade a carballeira existente.

- Enlace desde o final da rúa As Teixugueiras (dirección oeste), cunha “pista verde” co actual paseo do Lagares.

- Desenvolvemento, acondicionamento e seguimento dos espazos verdes existentes.

- Provisión masiva de árbores autóctonas no actual parque.

c) Rede viaria:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 31410
Data envío: 28/05/2018 12:57:59.015

Tal e como se recolle nas alegacións veciñais, un dos maiores problemas que ten a veciñanza de Navia e a conectividade coa súa contorna: en dirección centro urbano de Vigo pola avenida de Castelao, en dirección norte (através da avenida de Europa) e en dirección oeste (coa antiga parroquia de Navia e Samil).

Para paliar estes problemas, propóñense as seguintes medidas

- Entrada-Saída de As Teixugueiras á Avda. de Europa diferente, e máis directa, que a proposta nesta 2ª Modificación.

- Entrada-Saída do túnel xa existente baixo o cinto de circunvalación (á altura da rúa As Teixugueiras nºs 5-7), prolongándoo ata as rúas Porriño e Baiona.

- Soterramento da VG-20.

Devolución ao PAU de Navia dos terreos ocupados pola VG-20 no seu paso polo barrio, propoñendo o seu soterramento e recuperación da superficie liberada para uso e de lecer veciñal. Caso de aceptar esta proposta, evidentemente modificaría a proposta nº 2 deste apartado das alegacións que pasaría a ser un viario de conexión co barrio de Coia en superficie.

- Eliminación das entradas e saídas nos novos viarios propostos na modificación que conectan coas rúas San Paio de Navia e Xuncal ata que non se desenvolvan as pezas urbanísticas de Casaliños, Tomada e Torre situadas fora do ámbito do Pau. A introdución de máis tráfico por eses viarios supoñería o seu colapso cando non o motivo de graves accidentes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 31410
Data envío: 28/05/2018 12:57:59.015

d) Estacionamentos en superficie

Nesta segunda modificación puntual o incremento da dotación de prazas de estacionamento faise á conta da redución de 17.716 m² en zonas verdes tan “sensibles” como son as situadas entre edificios ou directamente enfronte, e/ou a poucos metros das vivendas.

Por conseguinte, as alegacións propoñen as seguintes modificacións:

- A supresión da proposta dos novos aparcadoiros reflectida no plano da páxina 54 da Memoria Xustificativa por ir en detrimento da superficie total de zonas verdes tan necesitadas neste barrio .
- Cambio nas rúas Ufas e Lamelas do aparcadoiro en liña a aparcadoiros en batería, nos dous sentidos de circulación.

e) Equipamentos educativos, culturais e sociais:

Ante a actual necesidade de prazas para Educación Secundaria, e a demanda de espazos sociais e de lecer, que faciliten o enraizamento no barrio, as alegacións formulan as seguintes propostas:

- Reserva efectiva e planificada para uso exclusivo educativo (Instituto de Educación Secundaria) das parcelas EQ-III-B e EQ-V-2.
- Reserva efectiva e planificada para uso social en xeral (locais sociais e veciñais, con espazos multiusos, salón de actos ou biblioteca de barrio) das parcelas EQ-V-2 EQ-IV-B e EQ-V-1.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 31410
Data envío: 28/05/2018 12:57:59.015

f) Protección acústica

O estudo acústico que acompaña a 2ª Modificación do Plan Parcial de Navia presenta dúas eivas importantes e que condicionan as propostas de protección:

É un estudo que se iniciou no 2012 e finalizou no 2013. Nas datas nas que andamos, ano 2018, polos incrementos importantes de habitantes como de vehículos e a apertura de novas instalacións, parece evidente que se os resultados do estudo fosen actualizados variarían considerablemente.

Non contempla un impacto do tráfico rodado para o resto das etapas xa executadas, e por tanto a ausencia de medidas correctoras.

É por iso que as alegacións veciñais propoñen:

- A elaboración dun novo estudo acústico actualizado, incorporando a previsión das futuras vivendas, viarios e habitantes.
- A incorporación das medidas correctoras necesarias tanto para as etapas contempladas nesta 2ª Modificación como para as etapas I, II e IIIA.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten previsto a Xunta de Galiza atender as demandas da veciñanza de Navia recollidas nas alegacións á Segunda Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 31410
Data envío: 28/05/2018 12:57:59.015

-Vai establecer negociacións o goberno galego co Concello de Vigo e co Ministerio de Fomento para dar resposta ás demandas veciñais?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 12:54:54

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 12:54:58

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 12:55:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 12:55:03



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 12:57
Nº Rexistro: 31410

Data envío: 28/05/2018 12:57:59.015

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 12:55:04

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 12:55:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:09
Nº Rexistro: 31418
Data envío: 28/05/2018 13:09:25.062

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o estado no que se atopa o pavillón deportivo dos institutos Lucus Augusti e Ollos Grandes en Lugo e as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as instalacións.

Alumnado dos institutos Lucus Augusti e Ollos Grandes, en Lugo, levan semanas denunciando o mal estado no que se atopa o pavillón que comparten.

Deficiencias na tarima, falta de vestiarios suficientes e ausencia de calefacción son algunhas das denuncias que motivaron a convocatoria dunha concentración á porta dos centros así como dunha xornada reivindicativa de ximnasia na rúa.

Estas instalación foron construídas hai medio século e malia térense acometido diversas actuacións de reforma nestes anos, como o cambio da cuberta en 2011/2012, o paso do tempo e as adversidades climatolóxicas, provocaron o deterioro da infraestrutura.

Por estas razóns, o alumnado reclama que a Consellaría de Educación acometa as actuacións necesarias para substituír por completo a tarima, ampliar os vestiarios e instalar un sistema de calefacción que permita o uso das instalación durante os meses de inverno en condicións acaídas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:09
Nº Rexistro: 31418
Data envío: 28/05/2018 13:09:25.062

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Como valora o Goberno galego o estado no que se atopa o pavillón deportivo dos IES Lucus Augusti e Ollos Grandes, en Lugo?
- Cónstanlle as demandas do alumnado polas deficiencias das instalacións?
- Ten previsto a Xunta de Galiza acometer algunha obra para mellorar as condicións do pavillón?
- En caso afirmativo, cales e en que prazo de tempo?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:09
Nº Rexistro: 31418
Data envío: 28/05/2018 13:09:25.062

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 13:07:10

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 13:07:16

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 13:07:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 13:07:18

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 13:07:20

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 13:07:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envío: 28/05/2018 13:43:30.015

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica.

O pasado 22 de maio conmemorouse o 80 aniversario da fuga de máis de 800 presos políticos da prisión franquista do Forte de San Cristóbal en Pamplona (Forte Ezkaba), que tivo lugar o 22 de maio de 1938. Como consecuencia da persecución posterior, 208 dos fuxidos foron asasinados, 48 deles eran galegos.

O goberno de Navarra, xunto con outras entidades e institucións, está a realizar un proxecto de investigación, divulgación e exhumación das vítimas da fuga de Ezkaba. Como parte dos actos conmemorativos, no mes de marzo de 2018 tivo lugar o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica, no marco da cal se promoveu a sinatura, o 16 de marzo, da "Declaración institucional de compromiso coa memoria histórica". Neste acto participaron representantes dos gobernos autonómicos de Andalucía, Aragón, A Rioxa, Asturias, Castela e León, Canarias, Cantabria, Cataluña, Euskadi, Extremadura, Illas Baleares, Navarra e Valencia.

Cómpre ter en conta que esta declaración foi asinada por representantes de gobernos autonómicos de todas as cores políticas, incluíndo o PP. Por iso non se entende a ausencia de representación da Xunta de Galiza, máxime tendo en conta o



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envío: 28/05/2018 13:43:30.015

elevado número de galegos que sufriron as condicións extremas do Forte Ezkaba e o elevado número de vítimas galegas da fuga, algunhas delas aínda sen identificar.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Por que motivo o Goberno galego non participou no I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica e non refrendou a “Declaración Institucional de compromiso coa memoria histórica, asinada en Pamplona o 16 de marzo de 2018 por representantes de trece gobernos autonómicos?

2. Mantén o Goberno galego relación de cooperación e colaboración coas institucións e entidades que promoven actividades conmemorativas, de investigación, divulgación e exhumación en relación coas vítimas da fuga do Forte de Ezkaba?

3. Colabora a Xunta de Galiza coas tarefas de identificación das vítimas galegas do Forte de Ezkaba?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envío: 28/05/2018 13:43:30.015

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PS. Xúntase a **Declaración institucional de compromiso con la memoria histórica**

“I ENCUENTRO DE LA RED INTERAUTONÓMICA DE MEMORIA HISTÓRICA

Declaración Institucional de compromiso con la memoria histórica Navarra, 16 de marzo de 2018

La Convivencia es uno de los objetivos básicos e ineludibles de todas las sociedades democráticas. Para lograr que esa convivencia sea real y justa, es preciso proyectar una mirada crítica sobre el pasado; una mirada que, desde valores democráticos y desde unos principios éticos firmes, condene todas las vulneraciones de Derechos Humanos cometidas.

El golpe militar de 1936 desató una ola de violencia que provocó un tremendo e irreparable dolor en nuestra sociedad. Decenas de miles de personas fueron injustamente asesinadas, heridas, encarceladas, represaliadas, o se vieron forzadas al exilio. Nuestro compromiso, desde el respeto a los Derechos Humanos y desde la defensa de una cultura de paz, tolerancia y respeto, está con las personas que sufrieron la injusticia de la violencia tras el golpe militar de 1936 y durante la dictadura franquista.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envío: 28/05/2018 13:43:30.015

Las administraciones públicas tenemos la responsabilidad de impulsar de forma activa políticas públicas que pongan en valor la memoria de lo ocurrido como forma de avanzar en la consolidación de sociedades más éticas, más justas, más solidarias y más democráticas. El olvido y la desmemoria debilitan los pilares de nuestros principios democráticos. Porque solo con memoria podremos dar respuesta al derecho de las víctimas a la verdad, la justicia y la reparación.

Hoy, 16 de marzo de 2018, en Navarra, las Comunidades aquí presentes aprobamos la siguiente Declaración Institucional:

1. Afirmamos nuestra condena del golpe militar de 1936 y de la dictadura franquista, y nuestro compromiso con una cultura de paz, respeto y tolerancia.

2. Mostramos nuestro compromiso con la memoria como herramienta para el recuerdo de la injusticia de la violencia y como medio para construir sociedades más justas, más éticas, más solidarias y más democráticas, donde aquellos trágicos acontecimientos no puedan volver a producirse.

3. Reiteramos nuestro compromiso con los Derechos Humanos y con el derecho de las víctimas a la verdad, la justicia y la reparación.”

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 13:43:06

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 13:43:11



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422

Data envío: 28/05/2018 13:43:30.015

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 13:43:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 13:43:13

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 13:43:15

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 13:43:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

O pasado 21 de maio o director de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez Martínez, comunicou á Comisión de Seguimento do Plan de Saneamento Local da Ría de Pontevedra que, para garantir que en 25 anos non será necesario facer grandes reformas na depuradora de Os Praceres, se proxectará unha ampliación que duplicará a capacidade das actuais instalacións.

A actuación da Xunta tería dúas fases, unha inmediata e outra nunha data indeterminada. O inicio das obras dependerá de que Costas dea a concesión dos actuais terreos á Xunta, algo que xa se está tramitando.

Na primeira fase, levaríanse a cabo os traballos de modificación e mellora das actuais instalacións. Na segunda, máis controvertida, executaríanse as instalacións restantes, previsiblemente nos terreos adxacentes á actual EDAR. Augas de Galicia traballa neste momento no proxecto desta segunda fase, que terá que contar coa ampliación da concesión de Costas.

A ampliación da EDAR só podería efectuarse ou ben na actual concesión de ENCE ou ben no que foi o campo de fútbol de Lourizán. Tanto a confraría local como os veciños e veciñas da zona manifestáronse xa en contra de que a depuradora ocupe este segundo espazo, pois dispararía os efectos nocivos que a depuradora ten no lugar.

O director de Augas de Galicia informou así mesmo do anteproxecto xa redactado dun novo emisario submarino de 3,6 quilómetros, cuxo orzamento supera os 10,2 millóns de euros. O emisario quedaría ao marxe da concesión de Ence e tería que contar cunha concesión propia. A instalación do emisario aínda non conta co visto bo de tódalas confrarías da ría.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cara onde se vai ampliar a EDAR de Os Praceres? Que impacto terá no lugar? Que outras alternativas á ampliación foron consideradas para depurar as augas?
- Cal é a situación do emisario submarino?
- Coida a Xunta de Galicia que é máis axeitado un modelo de macrodepuradora que un modelo de depuradoras máis pequenas de xestión próxima?
- En que estado se atopa a actual depuradora? Están xestionandas correctamente as augas residuais?
- Plantésaxe a Xunta de Galicia camiñar cara o verquido 0 coa nova proposta?
- Considera que un modelo de macrodepuradora é máis propicio para acadar o verquido 0?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García



Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2018 13:16:40

Antón Sánchez García na data 28/05/2018 13:16:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Green Capital Power S. L. proxecta construír dous parques eólicos na comarca de Ordes, o de GASALLA e o do MONTE INXERIO. Segundo parece, ámbolos dous van recibir a declaración de interese especial por parte do Consello da Xunta de Galicia.

O parque eólico de Gasalla vaise situar nos concellos de Frades e Mesía, afectando ao solo agrario dunha importante zona de produción leiteira. O lugar xa padece na actualidade a presión dos proxectos mineiros da empresa Erimsa, moi prexudiciais para as explotacións do lugar.

O parque do Monte Inxerio estará situado nos concellos de Ordes e Cerceda, preto do vertedoiro da Areosa, da planta de Gesuga, da liña do AVE e da central térmica de Meirama. Non fai falta subliñar os impactos que todas estas instalacións teñen para a natureza e a paisaxe.

A empresa promotora intenta promover tamén outros parques eólicos na comarca –o da Pobra, o de Ardemil e o de Lavandeira–, situados uns a continuación dos outros. Deste xeito, estase a fracciona un proxecto de enorme envergadura, coa finalidade de ocultar á cidadanía o seu impacto real.



A construción dos parques eólicos na comarca de Ordes tería consecuencias negativas para a contorna e para a economía.

A normativa galega obriga a construír os parques a 500 metros dos fogares, aínda que diversos estudos defenden que para a potencia que se pretende instalar a distancia prudente sería de 6 quilómetros. Contravindo estas indicacións, no caso que nos ocupa preténdese situar algúns dos muíños a tan só 80 metros das casas. Os xeradores de 150 metros provocarían un impacto visual moi negativo na paisaxe, prexudicando a experiencia do Camiño Inglés e dos seus fitos patrimoniais (castros, igrexas, mámoas, cruceiros...). Danarían, polo tanto, ao sector turístico dos concellos da zona.

Os prexuízos económicos que causarían os parques non serían compensados de ningún xeito.

En definitiva, os parques eólicos da comarca de Ordes serían un negocio ben rendible para a empresa promotora, pero unha carga nociva para a veciñanza, o medio ambiente e a economía local. Así, non tería sentido que foran declarados de “especial interese”, xa que, segundo a Lei 5/2017, dita declaración precisa da “súa especial incidencia e beneficios no ámbito industrial, social e territorial”.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cales son os beneficios no ámbito social, territorial e laboral que terían os parques eólicos nos concellos da comarca de Ordes?
- Que impactos terían nos terreos? E na gandería? E na contorna natural? E no patrimonio do Camiño?



Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 28/05/2018 13:42:55

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2018 13:43:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O 30 de decembro do ano pasado, o Ministerio de Fomento inaugurou unha ampliación da ponte de Rande que nin sequera estaba rematada. As súas obras continúan aínda hoxe e están a producir atascos interminables.

A situación foi denunciada polos concellos afectados (Vigo, Redondela, Cangas e Moaña), así como pola Cámara de Comercio, a Confederación de Empresarios e a Valedora do Pobo, Milagros Otero e o conxunto da oposición no Parlamento. O seu razoamento é que cando os tempos de viaxe aumentan significativamente, a autopista non ofrece o servizo que lle corresponde e, consecuentemente, os condutores e condutoras non deberían pagar por el.

Non é a primeira vez que a concesionaria da AP-9 recibe críticas semellantes. A Valedora do Pobo defendeu o mesmo no 2014 e no 2017, chegando a afeallle á xestora da Autopista do Atlántico que non levantase as barreiras durante os embotellamentos. En febreiro deste ano, a Cámara de Comercio de Vigo, Pontevedra e Vilagarcía máis a Confederación de Empresarios de Pontevedra denunciaron tamén os incumprimentos dos prazos das obras da ponte de Rande e da A-55, facendo fincapé nos prexuízos económicos que os retrasos estaban a ter no tecido empresarial.



Facéndose eco do anterior, a Fiscalía de Pontevedra decidiu abrir dilixencias para investigar os continuos colapsos que sofre a AP-9 por mor das obras de ampliación na ponte de Rande e nos enlaces de Cangas e Teis, executadas por Audasa. A investigación podería culminar cunha Acción Colectiva de Cesación por parte da Fiscalía de Pontevedra co obxecto de solicitar á empresa concesionaria a indemnización ou restitución aos usuarios afectados polas cantidades aboadas durante os atascos.

Trala toma de posición dos concellos, dos empresarios, dos transportistas, dos condutores e condutoras, da Valedora do Pobo, da oposición e da Fiscalía, o Presidente da Xunta decidiu pronunciarse ao respecto. Cómpre dicir que non foi sen tempo. Así, Núñez Feijóo manifestouse a favor de que as retencións repercutisen na tarifa, facendo súa a argumentación dos axentes mencionados.

As declaracións de Feijóo arrastran un poso de hipocrisía e oportunismo que é moi difícil ignorar, xa que o Goberno da Xunta forma parte da comisión da AP-9 que creou Fomento. O lugar para defender a eliminación das peaxes era esa comisión, pero ou ben o Partido Popular non o fixo, ou ben o fixo, pero carece da capacidade política para facerse valer ante Audasa.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que o Presidente Feijóo e o Goberno da Xunta non dixeron nada ata o de agora para eliminar as peaxes da AP-9 cando se producen atascos? Por que agardaron ata agora para pronunciarse?
- Que información ten a Xunta de Galicia a este respecto?
- Cantos expedientes sancionadores emitiu Fomento polos atascos na Ponte de Rande?



- Por que non se sancionou á concesionaria en máis ocasións polos prexuizos causados?
- Vai iniciar algún tipo de acción a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2018 14:02:23

Antón Sánchez García na data 28/05/2018 14:02:32

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O Servizo domiciliario de terapias respiratorias, que leva xa anos privatizado, supón un que da unha cobertura moi importante á poboación.

A privatización do mesmo, está chea de sombras denunciadas polo Consello de Contas que unicamente amosan unha deixadez do Goberno galego por manter un control, mediante a normalización de protocolos, o rexistro de pacientes ou a ampliación das competencias de inspección sanitaria que poidan revisar os resultados na cobertura da prestación.

Con todo, as recomendacións levadas a cabo polo Consello de Contas nun informe de fiscalización do Servizo no 2012 seguen afastadas da realidade, pese a tratarse dun servizo cun orzamento estimado de mais de 88 millóns de euros.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Cales son as recomendacións feitas polo Consello de Contas que teñen aplicación práctica na realidade?
- Incrementouse o control sobre a execución do contrato na prestación do servizo?



- Ten pensado a Xunta de Galicia a recuperación do servizo como público?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/05/2018 17:51:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputado e deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As Colonias de Covelo foron erixidas polo filántropo Manuel Barreiro Cabanelas na primeira metade do século XX. O edificio principal, de 1.000 metros cadrados, atópase nunha finca de máis de catro hectáreas. A vontade do “Conde Cavanelas” era que o complexo tivera un carácter educativo de maneira indefinida. E, de feito, durante moitos anos serviu para formar a moitos dos rapaces e rapazas da contorna. Non obstante, fai tempo que As Colonias foron abandonadas á súa sorte. A última actividade –un campamento deportivo– data do curso 1994-1995. Así é que o estado de conservación do lugar é, nestes momentos, lamentable. A maleza e as malas herbas cobren os terreos, dificultando o acceso e o disfrute do espazo. Agora, o Goberno da Xunta iniciou os trámites para que As Colonias cambien de mans sen atender á opinión da veciñanza.

As Colonias rexíase por un padroado do que dependían o seu funcionamento e a súa conservación. A Consellería de Educación contaba con maioría dentro do órgano, con catro dos sete representantes. Os outros tres membros eran o párroco do pobo e dous veciños do lugar. Segundo o propio alcalde, Jorge Canda, do Partido Popular, foron os catro representantes da Xunta de Galicia os que decidiron extinguir o padroado. Se a decisión se consuma, a Xunta desvincularíase dos edificios e da finca e tódalas propiedades pasarían a ser de titularidade municipal.

A Corporación Municipal de A Lama manifestouse en contra deste movemento presentado unha moción conxunta de rexeitamento. É de particular interese a posición do rexedor local ao respecto. Jorge Canda asegurou que non tiña noticia ningunha da vontade da Xunta de Galicia de transferir As Colonias ao municipio, algo sorprendente e moi grave, tanto se é certo como se é mentira. Se é certo, o Concello vai ter que asumir a xestión, restauración e mantemento dunhas infraestruturas que non tivo presentes ata o momento e que ocupan 40.000 metros cadrados de terreo. E se é mentira, o alcalde estalle mentido á veciñanza. Sexa cal sexa a verdade, o caso é que o rexedor desvinculouse da petición do seu propio partido de transferir os bens ao municipio, asumindo dese xeito a tese dos veciños e veciñas que, dende o comezo, apostaron por impugnar a decisión do padroado. A opción pola que opta a Asociación de Veciños de Laxedo é a de asumir a xestión da fundación para revitalizala; opción que crearía preto de 50 empregos. Iso permitiría volver a realizar actividades de educación e ocio no recinto.

A situación de conflito que neste momento afronta A Lama en torno ás Colonias é responsabilidade exclusiva da Xunta, xa que tiña maioría no padroado e non foi quen de ofrecer unha proposta que fixese viable a continuidade do seu proxecto. Ten que responder, así, polo estado de absoluto abandono do lugar.

Por todo o exposto, o deputado e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que durante máis de dúas décadas a Xunta de Galicia non fixo nada para asegurar a viabilidade de As Colonias a pesar de ter a maioría no padroado?
- Por que decide agora extinguir o padroado en vez de revitalizar o centro?



- Como é posible que o alcalde do Partido Popular non soubera que o Concello vai ter que facerse cargo dunha fundación e dunhas instalacións de máis de 40.000 metros cadrados?
- Fallou a coordinación e a comunicación?
- Que datos ten a Xunta de Galicia que avalen que o concello de A Lama pode facer fronte á xestión, restauración e mantemento do lugar?
- Por que deixou de facer actividades a fundación neste espazo?
- Por que se deixou o espazo abandonado á súa sorte?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2018 18:27:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/05/2018 18:27:43



Luca Chao Pérez na data 28/05/2018 18:27:51

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF) é un dos máis relevantes eventos cinematográficos de Galicia, e incluso de España.

Celébrase anualmente no mes de outubro, dende a súa primeira edición en 1996, consolidándose como mostra das producións máis destacadas do cinema independente, punto de encontro para os profesionais do sector, e como plataforma promotora do audiovisual. Concibido coma un festival que tenta ofrecer unha plataforma de actividade e desenvolvemento ao cinema e audiovisual independentes, o Festival de Cinema Internacional de Ourense pon o seu acento, segundo se pode ver na propia web, en tres obxectivos:

“1 Dar visibilidade, servindo como plataforma promocional ante o público e os profesionais, ás obras cinematográficas e audiovisuais máis innovadoras e controvertidas producidas en Galicia e en todo do mundo, que contribúan ao entendemento mutuo de todas as culturas.

2 Servir como punto de encontro en Galicia entre Europa, Iberoamérica e o resto do mundo, para a formación, desenvolvemento, co-produción e distribución do audiovisual galego e internacional.

3 Ofrecer unha plataforma de traballo para o desenvolvemento e difusión da cinematografía e o audiovisual de ámbito galego / lusófono con proxección europea e internacional”.

Este festival, organizado polo Concello de Ourense, ten contado en todas as súas edicións con moitos patrocinadores e colaboradores: entidades, empresas, e institucións, entre as que se atopa a Xunta de Galicia.

Segundo datos recentes, a tan só cinco meses da próxima convocatoria, está en perigo a súa celebración. Dende o propio Concello de Ourense afirman que o problema radica na imposibilidade de realizar as contratacións de persoal tal e como se viñan facendo ata o

Grupo Parlamentario

de agora, debido á aprobación e á entrada en vigor, o 8 de marzo deste ano, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A eliminación deste festival da carteleira cultural, suporía un duro revés non soamente para o sector audiovisual, senón tamén para a vida cultural da cidade, xa que se privaría a todos os ourensáns e ourensás do acceso a esta oferta de contidos puntuais e diversa; ao tempo que se perdería a oportunidade de que este evento sexa tamén un escaparate da cidade para todos e todas aqueles que asisten, e que contribúen co seu paso por Ourense durante a súa promoción e nos días en que se celebra, ao seu desenvolvemento económico.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Xunta de Galicia a existencia de dificultades para a celebración da convocatoria deste ano do Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF)?

2ª) Púxose en contacto o Concello de Ourense coa Xunta de Galicia para buscar solucións para que se manteña a celebración deste evento?

3ª) En caso afirmativo, aportou o Goberno galego algunha solución para garantir que se manteña a súa celebración?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que está en risco a celebración este ano do Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF)?

5ª) Ten previsto incrementar as achegas económicas que ten realizado nos últimos anos ao Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF)?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/05/2018 18:33:59

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/05/2018 18:34:07



 **Grupo Parlamentario**

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/05/2018 18:34:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Con data 20 de novembro de 2014 o BOE publicou un anuncio de información ao público sobre un estudo informativo “**Prolongación do acceso ao Porto Exterior da Coruña**”. Clave O-4-LC-0016. Provincia da Coruña. No devandito estudo suscítanse varias alternativas, e pola propia metodoloxía marcada polo Ministerio de Fomento selecciónase a Alternativa 3, cun trazado no contorno dos polígonos industriais de Vío e Pocomaco que conectaría a autovía de acceso ao porto exterior AC-15 e a AC-14.

O Concello de Arteixo observa posibles deficiencias na valoración das alternativas presentadas polo Ministerio de Fomento e decide pola unanimidade dos seus grupos políticos no Pleno Municipal, PP, PSOE, BNG e TEGA, presentar alegacións ao devandito estudo informativo, avaladas por un estudo técnico realizado polo arquitecto Angel Monteoliva Díaz, nas que se pide que se estableza como mellor alternativa a denominada “0”, máis adecuada dende o punto de vista medioambiental e de territorio, coa conseguinte liberación da peaxe e abono da peaxe en sombra, coa variante de que a supresión da peaxe refírese á AG-55 na totalidade do tramo A Coruña-Arteixo, cun investimento valorado polo estudo encargado pola Administración local de Arteixo nuns 22,3 millóns de euros, mentres que a elixida ascendería nun principio a 32,3 millóns de euros segundo o propio estudo informativo.

A propia cidadanía levou a cabo mobilizacións contra unha posible decisión do Ministerio lesiva para os seus intereses e apoiando as alegacións da Corporación do Concello de Arteixo. Tamén numerosos concellos da contorna, de todo signo político e a propia Deputación Provincial da Coruña deu o seu apoio á proposta do Concello de Arteixo.

Grupo Parlamentario

O 6 de novembro de 2017, a Secretaria de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda con resolución ditada pola delegación do Ministerio de Fomento aproba o expediente de información pública e, definitivamente, o devandito estudo informativo sen atender a proposta arteixán. O Concello de Arteixo impugna esta decisión con idéntico resultado, abríndose agora o prazo oportuno para o recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional que todos os grupos políticos con representación no Concello de Arteixo están dispostos a presentar.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Agora, o Goberno de España presenta unha partida de 1.000.000 de euros nos Orzamentos Xerais do Estado do 2018 para o desenvolvemento desta infraestrutura. Tamén se orzamenta un enlace no núcleo de Meicende da AC-15, importante para desaloxar o transporte pesado derivado da industria petroquímica existente no núcleo e que por segundo ano inclúese nos orzamentos, despois de que en 2017 non se utilizase a dita partida. O Goberno segue omitindo a necesidade de desenvolver outro acceso á dita autovía no núcleo de Suevos, onde tamén desenvolve a súa actividade unha importante empresa con alta actividade de vehículos pesados.

Por todo iso, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para revisar co Concello de Arteixo e co Ministerio de Fomento a construción desta nova infraestrutura e optar pola proposta de desenvolvemento da alternativa “0” do estudo informativo, por ser a mellor solución social, ambiental e de respecto ao territorio das suscitadas neste estudo, negociando a liberación da peaxe da AG-55 entre A Coruña e Arteixo?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/05/2018 18:30:54

María Dolores Toja Suárez na data 28/05/2018 18:31:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/05/2018 18:31:18



 Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 28/05/2018 18:31:23

María Luisa Pierres López na data 28/05/2018 18:31:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento:

Paula Quinteiro Araújo e **Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

A mimosa (acacia dealbata) é unha árbore de folla perenne orixinaria de Australia. Chegou a Galicia a finais do século XIX como planta ornamental, pero pronto se lle buscaron outras utilidades. Non obstante, agora é coñecida polos perigos que entraña para o ecosistema.

A mimosa é unha especie invasora cunha inmensa capacidade para colonizar os espazos naturais e desprazar ás especies autóctonas. É unha árbore resistente, cunha gran capacidade para adaptarse a calquera tipo de chan e para soportar xeadas non moi intensas. Medra rápido e se reproduce tamén a gran velocidade. Ademais, segrega unha substancia que dificulta o crecemento doutras plantas na contorna. Así é que na actualidade atopamos mimosas nas beiras dos ríos, nas dunas, nos parques naturais e ata nas reservas da biosfera.

O éxito da mimosa en Galicia responde a razóns de dous tipos. Por unha banda, na nosa terra atopou condicións climáticas semellantes ás que existen na súa lugar de orixe. Por outra, beneficiouse do paulatino abandono do rural, xa que é unha especie que gaña terreo moi rápido nos solos agrícolas sen labor e nas terras queimadas. De feito, as mimosas e o lume manteñen unha relación de círculo vicioso. As acacias producen gran cantidade de follaxe inflamable que se acumula no chan no que medra. Isto favorece o lume que, á súa vez, favorece a propagación das mimosas. As mimosas desprenden a súas sementes ao seu redor,



que poden permanecer viables ata 40 anos, e os incendios estimula que xermolen. Por iso, para recuperar unha zona colonizada por esta especie non chega con eliminar as árbores que xa están asentadas, senón que hai que levar a cabo labores periódicas de prevención.

Máis alá dos lumes, as mimosas teñen outros efectos perniciosos para os ecosistemas. A árbore altera a fertilidade do solo, diminúe a cantidade de auga accesible para outras plantas e cultivos agrícolas ou forestais, coa conseguinte perda de diversidade vexetal, e introduce bacterias perniciosas para as especies autóctonas.

O Goberno da Xunta ten, polo tanto, a obriga de actuar con contundencia para frear o avance desta especie. A súa plantación en terreos forestais xa está prohibida en Galicia pola Lei de Montes, pero iso non é suficiente. O Goberno ten que poñer as medidas oportunas para deter a súa propagación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado asinantes, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

- Que medidas está tomando a Xunta de Galicia para frear a expansión da mimosa?
- Que incidencia pensa que ten a especie na propagación dos lumes?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 29/05/2018 09:32:04

David Rodríguez Estévez na data 29/05/2018 09:32:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A situación da atención primaria en Galicia dista moito de ser aceptable. Dende En Marea temos denunciado en moitas ocasións o progresivo deterioro da mesma. Un deterioro que ten a súa base na eliminación progresiva de persoal, pero tamén na perda da capacidade de xestión e na diminución dos recursos económicos.

No relativo ás e aos profesionais sanitarios vén sendo habitual a ausencia de cobertura dos seus permisos, incapacidades temporais ou vacacións. Unha situación que baixo o eufemismo da “autosubstitución” incrementa a carga de traballo do persoal en activo, fai emerxer listas de agarda na atención primaria e empeora a cobertura do dereito á saúde.

Esta situación alcanza o máximo expoñente no peche de centros en quenda de tarde por non cobertura das vacacións nesta quenda.

Este é o caso do Centro de Saúde de Cambados, cuxo peche vespertino é, se cadra, máis preocupante tendo en conta o incremento poboacional e de transeúntes por mor do turismo.

Ante esta situación, o Goberno de Cambados vén de trasladar unha reclamación á Xunta que denuncia esta situación e esixe a cobertura destes descansos do persoal que permita a continuidade da asistencia nas quendas de tarde coma o resto do ano.

Ante estas circunstancias, **En Marea pregunta:**

1.- Cal é a xustificación para non cubrir esas vacacións e permisos do persoal?



2.- Parécelles correcto deixar á vila sen atención pola tarde?

3.-Van tomar algunha medida para arranxar esta situación cubrindo estes permisos?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/05/2018 12:17:10

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A provincia de Lugo está a sufrir graves problemas demográficos, entre eles un forte e acelerado proceso de despoboación do rural que debe ser atallado con rapidez, pero en cambio o que está a facer a Xunta de Galicia é reducir os servizos básicos en educación e sanidade o que impide vivir con normalidade no entorno rural e polo tanto fixar a poboación.

Así está a pasar no concello de Baralla onde non hai servizo de pediatría polo que os nenos e nenas teñen que ir ao pediatra ao Centro de Saúde do Corgo e incluso ao PAC de Fingoi en Lugo e en moitos casos ao HULA.

Isto leva a que algúns veciños da vila se empadroen en concellos limítrofes, tanto polos servizos de pediatría coma os de gardería, que outros teñen e dos cales este concello carece.

Por outra parte, en Baralla tamén hai un problema de envellecemento da poboación. O 46,5 % dos veciños e veciñas teñen máis de 60 anos. Isto provoca necesidades sanitarias propias, entre elas un adecuado servizo de urxencias que non existe e que consideramos absolutamente necesario.

Os socialistas consideramos que os servizos sanitarios de Baralla deben mellorar, contando a poboación con pediatra no centro de saúde, onde hai unha sala acondicionada para elo, e tamén con médico/a de garda, servizos que ademais apoian todos os grupos políticos do Concello.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Por que o concello de Baralla non conta con servizo de pediatría?

2ª.) Considera a Consellería de Sanidade que se está a dar un adecuado servizo aos nenos e nenas de Baralla?

 Grupo Parlamentario

3ª.) Non considera que é unha discriminación que os pais e nais teñen que desprazarse incluso para facer recoñecementos rutinarios aos seus nenos e nenas?

4ª.) Vai poñer en marcha un servizo de pediatría no concello de Baralla?

5ª.) Cal é a causa de que o concello de Baralla non conte con médico/a de garda ata a noite?

6ª.) Pensa a Consellería poñer en marcha este servizo sanitario demandado por todos os veciños e veciñas?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/05/2018 12:42:45

Julio Torrado Quintela na data 29/05/2018 12:42:54

Noela Blanco Rodríguez na data 29/05/2018 12:43:02

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A organización *New Economics Foundation* expón o Día da Dependencia do Peixe como un concepto poderoso que ilustra ata que punto o sobreconsumo supera os recursos domésticos. Así, unha forma de demostrar esta tendencia é representar o grao de suficiencia dun país a través dunha data do calendario que sería o día que un país ten consumindo a seu propio subministro de peixe, a partir do cal comeza a depender doutros países.

Son varios os factores que afectan a esta dependencia, tales como tamaño da frota, posibilidades de captura, consumo per cápita de peixe ou incluso a produción de acuicultura.

España comeza a depender do exterior da UE a partir do 26 de maio, o que significa, é que a pesar que España dispón de miles de quilómetros de costa e unha das maiores flotas pesqueira, só é autosuficiente, o 40 % do seu tempo e que se tan só se puidese comer co peixe que se captura a partir desta data xa non poderíamos consumir nin un quilo máis. Aínda que no ano 2017 esta dependencia se producía a partir do 10 de maio, non cabe dúbida que queda un camiño moi longo por percorrer para alcanzar a pesca sostible, de acordo co establecido na Política Pesqueira Común, obxectivo marcado para 2020. Para poder establecer unha referencia comparativa, ese mesmo dato para o conxunto da UE é o 9 de xullo.

Convén destacar que se excluísemos a produción procedente da acuicultura esta data adiantaríase dous meses, ata o 26 de marzo. Comparado con anos anteriores, mostra que España cada vez é máis dependente da produción da acuicultura para o abastecemento do peixe necesario para a súa alimentación. A alta dependencia da acuicultura para fariña de peixe e aceite, así como para os peixes carnívoros está facendo a industria menos produtiva.

Grupo Parlamentario

España consume uns 46 quilos de peixe ao ano por persoa, polo que é altamente dependente das importacións do peixe, de feito o balance comercial (exportacións menos importacións) en miles de toneladas incrementouse nos últimos anos pasando a representar o 15 % do total da UE.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Un elevado grao de autosuficiencia axuda a mellorar a seguridade alimentaria, mellora a xestión de recursos, un medio ambiente máis saudable. Implica tamén maior estabilidade do emprego no longo prazo e en consecuencia maior estabilidade social para aquelas vilas dependentes da pesca.

O informe conclúe que é preciso un cambio que rache esta tendencia de xeito que os esforzos se centren en restaurar os ecosistemas mariños e en asegurar que o consumo non dependente da produción doutras parte do globo.

De acordo cos datos do IGE, en Galicia no ano 2017 as exportacións representaban o 68 % das importacións de animais acuáticos. Así importáronse en torno a 2.133 millóns de euros, namentres que só se exportaron 1.451 millóns de euros. As exportacións de peixe foron perdendo peso relativo nos últimos anos, e así este mesmo dato para o ano 2009, representaba un 83 %. Ou dito doutro xeito, por cada euro que se exportaba no ano 2009, agora expórtase 1,73. Namentres que por cada un que se importaba no 2009 agora é máis do dobre (2,12€). O cal podería interpretarse como que cada vez somos máis dependentes do peixe que se importa cara Galicia.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego levar a cabo algunha medida concreta para protexer a perda de peso do sector pesqueiro fronte á competencia internacional?

2ª) Que valoración fai o Goberno das conclusións do informe emitido por *New Economics Foundation* sobre o Día da Dependencia do Peixe?

3ª) Ten calculado o Goberno galego o dato equivalente para Galicia?

 Grupo Parlamentario

4ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a evolución das exportacións e importacións de peixe e animais acuáticos de Galicia nos últimos anos?

5ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno para acadar o preciso cambio que rache esta tendencia de xeito que o consumo non dependa da produción noutras parte do globo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 29/05/2018 13:23:51

Julio Torrado Quintela na data 29/05/2018 13:24:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araújo e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

A actual lexislación referente á formación náutica-pesqueira naceu dun amplo consenso do cal foron partícipes todos os axentes interesados no sector pesqueiro. O actual modelo formativo ten como obxectivo, entre outras cousas, garantir a seguridade e o benestar no posto de traballo dos nosos mariñeiros e mariñeiras ou mellorar o seu desenvolvemento en situacións de alto risco.

A día de hoxe, un grupo de armadores están a promover ante o Goberno Central un modelo formativo paralelo ó regulado pola Administración, baleirado de contido e cunha duración considerablemente menor. O obxectivo deste modelo non é outro que obter un persoal mariñeiro máis precario e, polo tanto, peor pagado, aínda que isto supuxese un potencial aumento da sinistralidade e dos accidentes laborais nas embarcacións.

O recoñecemento destas titulacións como suficientes para permitir a embarcación de novos mariñeiros sería neste sentido non só un ataque ós valores e principios que deben rexer a formación no mundo laboral, como son o da busca de seguridade e benestar no posto de traballo, ou un ataque a todos aqueles mariñeiros e mariñeiras xa titulados, que ven así perigar os seus postos de traballo ante a posibilidade da entrada de traballadores menos remunerados. Trataríase tamén dun ataque frontal á seguridade das nosas embarcacións e do



persoal embarcado, pois esta nova man de obra non estaría preparada para actuar ante circunstancias de alto risco.

É importante non seguir permitindo ataques contra os nosos profesionais e non contribuír a precarizar aínda máis os seus postos de traballo. Pola contra, cómpre que a Administración escoite as demandas dos traballadores e das traballadoras do mar, entre os que existe un amplo consenso sobre a necesidade de continuar perfeccionando a regulación sempre dende as bases da negociación e do acordo, e co obxectivo de aumentar e nunca de reducir a seguridade e o benestar laboral nas embarcacións. Entre outras iniciativas, ten especial interese a regulación que as asociacións de técnicos mariñeiros reivindican arredor da figura do alumno ou alumna en prácticas, promovendo a integración mediante incentivos deste tipo de figura nas embarcacións e facilitando tanto a súa formación como a súa seguridade ou a súa remuneración mentres se atopen embarcados.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a:

- 1.- Está de acordo a Xunta en considerar a actual lexislación en materia formativa náutico-pesqueira como sólida, lexítima e pertinente?
- 2.- Que opinión lle merece á Xunta a creación de novos tipos de formación paralela que, sen contar con todas as garantías que ofrece en materia de seguridade e prevención de riscos o actual modelo formativo, habilite ó titulado a embarcar de todos os xeitos?
- 3.- Está en contacto a Xunta de Galicia co Goberno Central para aclarar e consensuar a resposta ás presións deste grupo de armadores?
- 4.- Ten pensado o Goberno galego algunha proposta para a regulación da figura do alumno ou alumna en prácticas?



5.- Considera o Goberno galego que a seguridade laboral dos e das nosas traballadoras do mar unha preocupación de primeira orde?

6.- Se é así, que opinión ten de modificar a regulación ou permitir novos modelos regulativos menos esixentes neste aspecto?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 29/05/2018 13:53:19

Paula Quinteiro Araújo na data 29/05/2018 13:53:30

Julia Torregrosa Sañudo na data 29/05/2018 13:53:36



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31567
Data envío: 29/05/2018 14:04:40.479

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a adscrición das ensinanzas artísticas superiores en Galiza ao **SUG** e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

Desde hai anos profesorado e alumnado das ensinanzas artísticas superiores en Galiza veñen manifestando a súa vontade de iniciar o proceso de adscrición destas titulacións á Universidade de acordo co previsto na lexislación vixente, tanto a Lei Orgánica de Universidades (artigo 11) coma na LOMCE (artigo 58.7) que prevén a posibilidade de adscrición mediante convenio a unha universidade pública e no contreto as ensinanzas artísticas superiores.

De facto, o grupo parlamentar do BNG ten traído ao Parlamento de Galiza esta cuestión na IX Lexislatura.

Porén, desde a Xunta de Galiza non se teñen atendido as súas demandas, malia que formularon desde a ESAD unha proposta de adscrición formal e gozar o Goberno galego, de acordo co Estatuto de 1981, de plenas competencias para levala a cabo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31567
Data envío: 29/05/2018 14:04:40.479

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a situación na que se atopan as ensinanzas artísticas superiores no noso país actualmente?
- Valora o Goberno galego a adscrición das ensinanzas artísticas superiores ao SUG como demanda o profesorado e alumnado da ESAD e da Escola de Restauración e Conservación, entre outros?
- En caso contrario, cales son as razóns polas que a Xunta de Galiza se opón?
- En caso afirmativo, de que maneira e en que prazo temporal prevé iniciar a adscrición?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31567
Data envío: 29/05/2018 14:04:40.479

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2018 14:03:37

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2018 14:03:42

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2018 14:03:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2018 14:03:45

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2018 14:03:46

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2018 14:03:48

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A protección e conservación da natureza e do medio ambiente é unha preocupación esencial da nosa sociedade, unha tarefa prioritaria que require dos poderes públicos a habilitación dos necesarios medios humanos e materiais. O desafío da prevención, extinción e investigación dos incendios forestais de nova xeración e a súa correlación co conxunto das políticas forestais e agrogandeiras en Galicia, intensifican o reto da Xunta de Galicia co seu persoal asignado para estes labores críticos.

Trala creación da primeira escala de Axentes Forestais de Galicia en 1992, adscrita ao Grupo D de clasificación funcional, no ano 2000 creouse a escala de Axentes facultativos medioambientais, grupo C, actualmente declarada “a extinguir” nos termos establecidos pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia con motivo da creación da nova escala de Axentes técnicos en xestión ambiental, Grupo B.

Actualmente os axentes están adscritos a dúas Consellerías (cuestión que debería ser tamén obxecto de análise de eficacia organizativa), estando 350 efectivos asignados á do Medio Rural e 150 á de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Todo este colectivo ten paralizadas dende o mes de decembro de 2017 as negociacións coa Xunta de Galicia sobre un acordo que regule as súas condicións de traballo, toda vez que o acordo asinado en 2004 leva varios anos caducado. As negociacións iniciáranse xusto tras a vaga de lumes de outubro de 2017, quedando suspendidas unilateralmente pola Dirección xeral de Función Pública.

As propias Consellerías de Facenda, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural asinaron coas organizacións sindicais en setembro de 2016 un compromiso para desenvolver un novo regulamento de funcións da

Grupo Parlamentario

escala. Tamén o acordo no que ademais interviña a Consellería de Educación para iniciar a nova formación requirida polo novo subgrupo de pertenza na nova escala creada en 2015 non se ten cumprido.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os compromisos de efectiva creación dos postos necesarios para investigación de incendios forestais en cada distrito é un incumprimento máis fronte aos recorrentes anuncios mediáticos do Goberno autonómico.

Estes incumprimentos deixan patente a falla de compromiso real por parte do Goberno galego coas condicións de traballo e funcións dos axentes forestais e medioambientais, encontrándonos xa practicamente na campaña de prevención e extinción de incendios forestais deste verán.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para acadar un novo acordo de condicións de traballo e funcións dos Axentes forestais e medioambientais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/05/2018 16:52:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/05/2018 16:53:09

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/05/2018 16:53:16

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/05/2018 16:53:27

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A protección e conservación da natureza e do medio ambiente é unha preocupación esencial da nosa sociedade, unha tarefa prioritaria que require dos poderes públicos a habilitación dos necesarios medios humanos e materiais. O desafío da prevención, extinción e investigación dos incendios forestais de nova xeración e a súa correlación co conxunto das políticas forestais e agrogandeiras en Galicia, intensifican o reto da Xunta de Galicia co seu persoal asignado para estes labores críticos.

Trala creación da primeira escala de Axentes Forestais de Galicia en 1992, adscrita ao Grupo D de clasificación funcional, no ano 2000 creouse a escala de Axentes facultativos medioambientais, grupo C, actualmente declarada “a extinguir” nos termos establecidos pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia con motivo da creación da nova escala de Axentes técnicos en xestión ambiental, Grupo B.

Actualmente os axentes están adscritos a dúas Consellerías (cuestión que debería ser tamén obxecto de análise de eficacia organizativa), estando 350 efectivos asignados á do Medio Rural e 150 á de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Todo este colectivo ten paralizadas dende o mes de decembro de 2017 as negociacións coa Xunta de Galicia sobre un acordo que regule as súas condicións de traballo, toda vez que o acordo asinado en 2004 leva varios anos caducado. As negociacións iniciáranse xusto tras a vaga de lumes de outubro de 2017, quedando suspendidas unilateralmente pola Dirección xeral de Función Pública.

As propias Consellerías de Facenda, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural asinaron coas organizacións sindicais en setembro de 2016 un compromiso para desenvolver un novo regulamento de funcións da

Grupo Parlamentario

escala. Tamén o acordo no que ademais interviña a Consellería de Educación para iniciar a nova formación requirida polo novo subgrupo de pertenza na nova escala creada en 2015 non se ten cumprido.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os compromisos de efectiva creación dos postos necesarios para investigación de incendios forestais en cada distrito é un incumprimento máis fronte aos recorrentes anuncios mediáticos do Goberno autonómico.

Estes incumprimentos deixan patente a falla de compromiso real por parte do Goberno galego coas condicións de traballo e funcións dos axentes forestais e medioambientais, encontrándonos xa practicamente na campaña de prevención e extinción de incendios forestais deste verán.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para acadar un novo acordo de condicións de traballo e funcións dos Axentes forestais e medioambientais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/05/2018 16:53:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/05/2018 16:53:54

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/05/2018 16:54:00

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/05/2018 16:54:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31582
Data envío: 29/05/2018 18:30:53.776

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A importante obra que se está a desenvolver nas Pontes, para adaptar a central térmica aos requirimentos medioambientais da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais, implica a supresión do uso público dun tramo dun quilómetro da estrada AC-861, un dos accesos máis utilizados, quer de entrada ao núcleo urbano, quer de saída cara á autovía AG-64 e á autoestrada AP-9, así como parte dunha senda peonil.

A situación anterior obrigou á Xunta e á empresa propietaria das instalacións enerxéticas á sinatura, o 6 de abril de 2017, de xeito urxente polos prazos establecidos na meritada disposición europea, dun convenio para a *”reordenación do sistema viario do núcleo das Pontes”*, no que a Axencia Galega de Infraestruturas, a Consellaría de Facenda e a empresa, co recoñecemento expreso da afección negativa sobre a accesibilidade motorizada -*“minguada”*- e da mobilidade non motorizada -*“limitada”*-, fixan as bases de colaboración para proxectar, tramitar e construír unha nova estrada de acceso ao núcleo das Pontes e a reposición dos servizos afectados, unha rede de sendas, e a transmisión á empresa, previa desafectación, do tramo da estrada AC-861, cun orzamento total de case que 4 millóns de euros, aportados pola empresa, coa consideración de cantidade máxima.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31582
Data envío: 29/05/2018 18:30:53.776

O convenio reflicte a obriga da empresa de redactar o documento técnico onde se describan as obras a executar, mais non fixa prazo temporal de entrega á Axencia Galega de Infraestruturas, que será a responsábel da súa tramitación, supervisión e aprobación, así como de tramitar, de ser o caso, o procedemento de expropiación, e de licitar e adxudicar as obras.

O 13 de xuño de 2017 sométese a información pública o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de trazado, que aproba, de xeito definitivo, a Axencia Galega de Infraestruturas mediante anuncio no DOG do 10 de outubro de 2017. Mediante a Resolución 1506/2017, do 17 de outubro, o Concello concede a licenza municipal.

O 10 de febreiro de 2018 a Xunta anunciaba o peche do tramo afectado, baseado na cláusula terceira (apartado 5) do convenio que establece o compromiso da Axencia de axilizar ao máximo a autorización para a realización de “*cortes temporais*”, dado que as obras “*non poden atrasarse*”.

Nos orzamentos da Xunta para 2018 aparecen tan só 0,5 millóns de euros das obras do novo acceso, namentras que o resto están previstos para 2019 (2 millóns) e 2020 (1 millón), polo que a denominada “*temporalidade*” será, cando menos, de tres anos -sen coñecer os prazos de execución do proxecto técnico- para dar solución, en palabras da propia Xunta, a unha mobilidade non motorizada limitada e a unha accesibilidade motorizada minguada, que multiplica, de media, as distancias por cinco, coas súas repercusións económicas e ambientais, como mínimo.

Por ditos motivos fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31582
Data envío: 29/05/2018 18:30:53.776

- Ten entregado o documento técnico das obras a executar a empresa?; no caso afirmativo, cando?; cal é o prazo de execución?; e o importe total da execución?
- De non telo entregado, que está a facer a Xunta para reclamar a súa entrega?.
- Que actuacións ten planificadas a Xunta para axilizar a execución e posta en servizo da nova infraestrutura?
- De ser insuficiente a cantidade aportada pola empresa, compromete a Xunta aportacións adicionais?; con algunha limitación?
- Cal é a data que compromete a Xunta para a entrada en funcionamento da totalidade do novo acceso?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31582
Data envío: 29/05/2018 18:30:53.776

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2018 18:29:28

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2018 18:29:33

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2018 18:29:34

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2018 18:29:36

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2018 18:29:37

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2018 18:29:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**, relativa ao proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista de Reza.

Con data 4 de abril de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio do 21 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na Ou-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090-3+780, de clave Ou/16/270.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Este proxecto, que foi sometido a trámite de información pública para construír unha senda (na marxe dereita) peonil e de bicicletas de 2,690 quilómetros na zona de Reza, ten previsto un investimento de 1,2 millóns de euros.

A presidenta da asociación veciñal Quince de Agosto de Reza, e os demais veciños non teñen dúbidas, rexeitan rotundamente o que consideran unha imposición que en nada beneficia á poboación.

O proxecto provoca moita inquedanza e alarma fundada, xa que estamos a falar dun itinerario innecesario, con moitas eivas e que xera máis prexuízo que beneficio:

- En primeiro lugar non se tivo en conta a opinión da asociación de veciños. Non é razoable desenvolver un proxecto deste tipo sen comunicar e acordar previamente coa cidadanía afectada.



- En segundo lugar, a veciñanza demanda desde fai anos a construción de beirarrúas, da mesma maneira que xa están feitas no tramo inicial desa vía, que é unha vía urbana. Hai que ter en conta que o autobús aparca no medio da estrada e que os coches carecen de aparcadoiro en 1,5 quilómetros de distancia.
- En terceiro lugar, existe perigo viario para a veciñanza que ao saír da súa vivenda pode atoparse con ciclistas, peóns ou coches.
- En cuarto lugar, considérase innecesario xa que hai un paseo peonil, o chamado “das Ninfas” que é utilizado con asiduidade pola cidadanía que prefire camiñar ao carón do pai Miño.
- En quinto lugar prevense un total de 43 expropiacións que afectan a moitos veciños xa que prevé a demolición de peches nos predios colindantes e das súas casas e que a algunhas persoas afectadas vailles causar grande impacto económico.

Un deputado do Partido Popular, nunha comparecencia dun representante dos veciños, no pleno ordinario da Deputación de Ourense no mes de maio, chegou a dicir que o uso ciclista é incompatible co uso peonil que sería prioritario e que non se trata dun carril-ciclista. Parece que non leu ben o DOG do 21 de marzo de 2018.

Así, a veciñanza reclama reconsiderar a necesidade do proxecto de apenas 2 quilómetros e medio cun alto risco viario tanto para peóns como para ciclistas e o resto da circulación, pola adaptación que se terá que facer para compatibilizar os diferentes usos e a seguridade viaria. Segundo o Decreto 35/2000, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras, non é compatible compartir o itinerario por peóns e ciclistas desde o punto de vista da seguridade e integridade das persoas usuarias da vía, así como daquelas persoas con mobilidade reducida que non contan con



itinerarios axeitados nin adaptados, sendo necesaria a adaptación de espazos e das vías ao disposto na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

Este grupo parlamentar reivindica a necesidade de que todo o núcleo urbano de Reza teña os mesmos estándares de calidade nos servizos e dotacións públicos, coas correspondentes paradas de autobús, zonas de aparcamento, espazos para instalacións de mobiliario urbano, beirarrúas, que non impliquen discriminación ningunha e prexuízos para persoas con discapacidade e/ou mobilidade reducida , e que se creen as infraestruturas precisas para dinamizar os modos de mobilidade sustentable en condicións de seguridade, o cal non ocorre con esta ocorrencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Contempla a Consellería de Infraestruturas a retirada ou modificado do proxecto da senda peonil e de bicicletas de Reza, en Ourense ?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/05/2018 10:38:36

Antón Sánchez García na data 30/05/2018 10:38:43

Marcos Cal Ogando na data 30/05/2018 10:38:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A sentenza da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional do pasado día 8 de marzo de 2018, en recurso número 310/2015, confirmou a correspondente resolución do Tribunal Económico Administrativo Central do 5 de febreiro de 2015 sobre os acordos da Administración tributaria de liquidación e sanción polo Imposto de Sociedades, por importes de 6.059.636,41 euros e de 3.220.763,25 euros, á compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.), por celebración de negocios xurídicos simulados (“préstamos participativos” dentro do grupo empresarial) para defraudar á facenda pública.

Como queira que a devandita compañía mercantil, ou algunha ás que sucedeu, puidese ser adxudicataria de contratos no ámbito do sector público autonómico, cómpre analizar se con motivo da situación fiscal confirmada pola Audiencia Nacional algún dos contratos poida incorrer en supostos de nulidade e se se aprecian ou apreciaron, de ser o caso, polos órganos de contratación autonómicos circunstancias de prohibición para contratar que afectan a este grupo empresarial.

Polo exposto os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a relación de contratos formalizados no ámbito do sector público autonómico por parte da compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.)?

Grupo Parlamentario

2ª) Se for o caso, apreciouse polos órganos de contratación algunha causa de prohibición para contratar por parte desta compañía no curso dos procedementos de adxudicación aos que concorreu?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para verificar os contratos que a compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.) puidese ter formalizado no ámbito do sector público autonómico e a posible concorrencia de causas de prohibición para contratar nesta mercantil que afectasen a validez dos contratos?

Pazo do Parlamento, 25 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/05/2018 13:15:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/05/2018 13:15:45

María Dolores Toja Suárez na data 25/05/2018 13:15:52

Julio Torrado Quintela na data 25/05/2018 13:16:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/05/2018 13:16:11

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/05/2018 13:16:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ás consecuencias da aplicación da Lei de Espectáculos de Galicia.

A un mes escaso da entrada en vigor da Lei de Espectáculos de Galicia son moitos os sectores dende os que se alzan críticas fronte ás consecuencias desastrosas que a mesma pode traer á cultura do país. Preocupación e desacougo que se deixa sentir especialmente no sector musical no que, tanto propietarios e propietarias de locais musicais como profesionais da música en directo, ven perigar o seu medio de vida.

Non é unha novidade, xa na propia tramitación da norma, asociacións e diferentes colectivos fixeron chegar unha morea de emendas a unha normativa que consideraban nociva para o desenvolvemento cultural. Porén, o goberno da Xunta de Galicia decidiu ignoralas, ao igual que as numerosas emendas presentadas pola oposición, sacando adiante a lei en solitario.

Deste xeito atopámonos cunha norma que lonxe de simplificar o procedemento de aprobación de espectáculos públicos está complicando a súa xestión ata o punto que numerosos locais, sobre todo na cidade de Santiago de Compostela, decidiron suspender a súa actividade no interior dos mesmos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



- Ten valorado o Goberno galego as consecuencias que a posta en marcha da Lei de Espectáculos vai ter para a actividade musical do país?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/05/2018 11:17:20

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/05/2018 11:17:31

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa aos Préstamos Renda Universidade.

O Goberno socialista de Zapatero impulsou no ano 2007 o programa de Préstamos Renda Universidade (PRU), ao que accederon máis de 15.000 estudantes entre os anos 2007 e 2011. A finalidade do programa era facilitar que os estudantes puideran estudar un máster oficial (público) adiantándolles a través do ICO uns cartos que non terían que devolver ata conseguir un emprego ben remunerado. Porén, as súas condicións mudaron co paso do tempo e agora a metade das persoas que solicitaron os préstamos entre os anos 2008 e 2011 (en torno a 5.000 estudantes) ou ben non poden pagar as súas cotas ou ben teñen problemas para facelo.

En Galicia, medio millar de estudantes solicitaron os PRU. Descoñécese cantos afrontan dificultades para facer fronte á amortización.

Os PRU eran préstamos sobre a honra, o que significa que non precisaban aval, xa que se entendía que se un estudante se endebedaba para cursar un máster, atoparía un traballo digno e podería devolver os cartos nun prazo razoable de tempo.

A primeira convocatoria celebrouse no curso 2007-2008. A última, no ano 2010-2011. As condicións foron endurecéndose de maneira progresiva.

- Na convocatoria de 2007-2008, non había intereses e o estudante non tiña que comezar a pagar a débeda ata ter unha renda de polo menos 22.000 euros brutos anuais. A débeda prescribía aos 15 anos.
- Na convocatoria de 2008-2009 tampouco había intereses. O préstamo era a 20 anos e contaba cun período de carencia inicial de 5 anos. Se unha vez transcorridos o estudante non superaba os 22.000 euros brutos de renda anual, podía pedir un ano máis de carencia ou cinco. Esgotada a carencia, o estudante tiña que pagar aínda que carecera de ingresos. O período de amortización era de 15 anos.
- Na convocatoria de 2009-2010 tampouco había intereses. O préstamo era a 13 anos e contaba cun período de carencia inicial de 3 anos. Se unha vez transcorridos o estudante non superaba os 22.000 euros brutos de renda anual, podía pedir un ano máis de carencia ou tres. Esgotada a carencia, o estudante tiña que pagar aínda que carecera de ingresos. O período de amortización era de 10 anos.
- Na convocatoria de 2010-2011 xa había un interese fixo cotizado quincenalmente polo Instituto de Crédito Oficial (ICO) do 3,6% TAE. Contaba cun período de carencia inicial de 2 anos. Se unha vez transcorridos o estudante non superaba os 22.000 euros brutos de renda anual, podía pedir outros dous anos. Esgotada a carencia, o estudante tiña que pagar aínda que carecera de ingresos. O período de amortización era de 4 anos.

A pesar dos cambios bruscos que se produciron dun ano para outro, tanto o



Banco Santander, que actuaba de intermediario, como o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) na súa páxina web continuaron facendo publicidade dos PRU coas condicións da primeira convocatoria. E fixérono aínda que os Préstamos Renda xa non eran tales, pois o que caracteriza a este tipo de préstamos é precisamente que a súa amortización vai ligada á percepción dunha renda determinada. Non obstante, os PRU en ningún momento pasaron a chamarse Prestamos Persoais (ou dalgún outro xeito que sinalase a súa independencia da renda), polo que o seu propio nome constituía xa un engano.

Houbo máis mentiras. Os trípticos e folletos informativos do Banco Santander afirmaban que os PRU eran préstamos sen comisións. Isto non era así. Os prestatarios tiñan que pagar unha comisión de penalización de 30 euros en caso de non pagar a cota correspondente. Nas últimas convocatorias, os PRU tiñan ademais un 10% de intereses de demora.

En xaneiro de 2014, o Ministerio de Educación ampliou os períodos de carencia e amortización dos PRU, xesto insuficiente que de ningún modo contribuíu a afrouxar a presión dos estudantes endebedados. A maior parte deles continúa no paro ou desempeña algún traballo precario, polo que non vai poder saldar a súa débeda no futuro inmediato. A solución á xigantesca estafa das PRU pasa por equiparar as condicións de tódalas convocatorias ás de 2007-2008.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1.^a) Cantos dos estudantes galegos que solicitaron os PRU teñen agora problemas para facer fronte á amortización?
- 2.^a) A Xunta de Galicia pensa facer algo para axudalos?



3.^a) Que responsabilidade pensa que ten o Goberno central no endebedamento salvaxe do estudantado que accedeu a un PRU coa intención de seguir formándose?

4.^a) Cree a Xunta que os PRU foron adecuadamente promocionados e que a información en torno a eles era veraz?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/05/2018 12:58:03

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/05/2018 12:58:10

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Son varias as cuestións que se expuxeron no Parlamento de Galicia relacionadas coa xestión das aeronaves de salvamento marítimo, o Pesca 1 e 2, nas que se evidenciaron diferenzas entre o Goberno e o Grupo Parlamentario Socialista:

-Namentres o Goberno defende unha xestión inmellorable, dende o noso grupo entendemos que foi un negocio redondo para a empresa e ruinoso para Galicia.

-Namentres o Goberno defende que a operación se planificou, o Grupo Socialista atendendo ao Consello de Contas advertiu precisamente de todo o contrario, incluso das consecuencias futuras da operación, indicando que “Débese sinalar que non consta ningún estudo sobre a repercusión da venda dos helicópteros no prezo das futuras contratacións do servizo de gardacostas de Galicia.”

-Namentres o Goberno defende que se seguiron todos os trámites, o Grupo Socialista atendendo ao Consello de Contas advertiu do contrario, “Os pagos á empresa realizáronse a través do trámite excepcional da validación do gasto polo Consello da Xunta, omitindo os procedementos legalmente establecidos pola Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia.”

-Namentres o Goberno defende que a venda permitiría contar con aeronaves máis modernas e o contrario sería anquilosarse no tempo, o Grupo Socialista e a realidade indican que se están utilizando as mesmas aeronaves compradas no ano 2005, vendidas posteriormente en 2012.

Grupo Parlamentario

-Namentres o Goberno defende que a venda permitiría evitar o monopolio, o Grupo Socialista e a realidade indican que estamos totalmente en mans dunha empresa, que é precisamente quen fixa as condicións do contrato.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Unha sentenza da Audiencia Nacional acaba de desestimar o recurso presentado por BABCOCK, en relación con operacións irregulares co fin de eludir o pago a Facenda. A sentenza refírese a 9 millóns de euros, o cal parécenos sen dúbida unha cantidade a ter en consideración polo Goberno galego. Unha empresa exemplo de depredación de fondos públicos que sen dúbida atopa no Goberno galego un facilitador coas súas xestións. Non hai que esquecer que incendios, salvamento marítimo e emerxencias sanitarias están en mans desta empresa polo que debería atender as súas obrigas fiscais.

Aínda que non firme, a dureza da sentenza xustifica o rexistro de lexítimas iniciativas, porque necesitamos xa unha explicación veraz e clara por parte do Goberno, por iso formulamos as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da sentenza da Audiencia Nacional que acaba de desestimar o recursos presentado por BABCOCK e condena ao pago de 9 millóns de euros?

2ª) Por que o Goberno galego non exixiu o cumprimento das obrigas fiscais á empresa adxudicataria dos contratos de salvamento marítimo?

Pazo do Parlamento de Galicia, 30 de maio de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 30/05/2018 13:32:42

Julio Torrado Quintela na data 30/05/2018 13:32:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Manuel Díaz Villoslada deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.**

Os días 15 e 16 de marzo de 2018, celebrouse en Pamplona o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica por iniciativa do goberno navarro.

Esta primeira reunión serviu para consolidar a rede e trazar liñas de colaboración, ademais de poñer en común boas prácticas en materia de políticas públicas de memoria histórica.

De igual modo, as comunidades autonómicas asistentes amosaron a súa dispoñibilidade a colaborar na localización de familiares de presos do Forte de San Cristobal no monte Ezkaba, unha das liñas de traballo do goberno de Navarra en memoria histórica.

Nesta prisión estiveron reclusos máis de 700 galegos e moitos atoparon aquí a morte.

A reunión rematou coa firma, por todas as Comunidades Autonómicas asistentes, dunha Declaración Institucional onde se afirma que a convivencia é un dos obxectivos básicos e ineludibles de todas as sociedades democráticas e se fai fincapé en que, para lograr que esa convivencia sexa real e xusta, é preciso proxectar unha mirada crítica sobre o pasado. Unha mirada que, dende valores democráticos e dende uns principios éticos firmes, condene todas as vulneracións de Dereitos Humanos cometidas.

Engade, tamén, que o compromiso dos asinantes, dende o respecto aos Dereitos Humanos e dende a defensa dunha cultura de paz, tolerancia e respecto, está coas persoas que sufriron a inxustiza da violencia tras o golpe militar de 1936 e durante a ditadura franquista.

Á súa vez, apunta que as administracións públicas teñen a responsabilidade de impulsar de forma activa políticas públicas que poñan en valor a memoria do ocorrido como forma de avanzar na consolidación de sociedades máis éticas, máis xustas, máis solidarias e máis democráticas, xa que o

Grupo Parlamentario

esquecemento e a desmemoria debilitan os alicerces dos principios democráticos e só con memoria se pode dar resposta ao dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.

En concreto, e textualmente, os tres puntos finais da declaración son:

- “1. Afirmamos a nosa condena do golpe militar de 1936 e da ditadura franquista, e o noso compromiso cunha cultura de paz, respecto e tolerancia.
2. Mostramos o noso compromiso coa memoria como ferramenta para o recordo da inxustiza da violencia e como medio para construír sociedades máis xustas, máis éticas, máis solidarias e máis democráticas, onde aqueles trágicos acontecementos non poidan volver producirse.
3. Reiteramos o noso compromiso cos Dereitos Humanos e co dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.”

Esta declaración foi firmada por trece comunidades de distinto signo político, pero non por Galicia.

Nas primeiras noticias que se deron ao respecto deste I Encontro en Navarra, aparecía como asistente Galicia, pero todo indica que non se presentou á cita e dende logo é claro que non firmou a Declaración Institucional. Non podemos entender as causas que motivaron esta negativa da Xunta de Galicia que de novo dá as costas ás vítimas da ditadura franquista incluso ás galegas e a toda política de memoria histórica.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª.) Por que a Xunta de Galicia non firmou a Declaración Institucional aprobada no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica?
- 2ª.) Por que Galicia non participou xunto coas outras trece autonomías que si estiveron no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica?
- 3ª.) Pensa asistir a Xunta de Galicia aos novos Encontros que se celebrarán?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 30/05/2018 13:46:55

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 30/05/2018 13:47:03

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/05/2018 13:47:11

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Manuel Díaz Villoslada deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O Forte de San Cristóbal, situado no monte Ezkaba de Pamplona, foi utilizado dende o golpe militar de 1936 ata 1945 como cárcere de presos políticos chegados de toda España. De feito é considerado o penal máis duro do franquismo.

Proxectado para 350 persoas, San Cristóbal chegou a albergar ata 2.500. En total crese que estiveron encarcerados en condicións inhumanas máis de 7.000 persoas, moitas delas asasinadas, outras mortas pola tortura e as malas condicións de vida.

Fai agora 80 anos no Forte de San Cristóbal produciuse unha das fugas máis masivas da historia de Europa. O 22 de maio de 1938, 795 reclusos fuxiron do Forte intentando chegar a Francia, máis soamente o lograron tres. Os restantes foron maioritariamente asasinados.

Neste presidio estiveron republicanos e presos políticos chegados de toda España e entre eles moitos galegos, calcúlase que máis de 700. Tamén moitos galegos participaron na fuga de 1938 malia que ningún deles chegou a Francia e foron fusilados en torno a 55. De feito, un dos organizadores da fuga foi un galego, Antonio Valladares.

Moitos outros galegos morreron no penal, fusilados o a causa da fame e dos malos tratos.

O goberno de Navarra está a levar a cabo, con motivo do 80 aniversario da fuga, o chamado Proxecto Ezkaba, que integra moitas iniciativas e, entre elas, unha das máis importantes é o intento de localizar e identificar a todos os fugados e presos da San Cristóbal así como localizar ás súas familias. Para elo, no I Encontro da Rede Autonómica de Memoria Histórica celebrada en marzo deste ano en Pamplona, as trece comunidades asistentes comprometéronse a colaborar na identificación dos presos de Ezkaba.

 Grupo Parlamentario

Pero neste encontro, inexplicable e inaceptablemente, non participou Galicia a pesar do alto número de galegos que estiveron e morreron no Forte de San Cristóbal e na fuga de 1938.

Estes galegos, concidadáns nosos, teñen dereito a ser recoñecidos e recordados e si é posible, atopar os seus corpos para ser exhumados e a Xunta de Galicia debe prestar a súa colaboración.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Vai a prestar a Xunta de Galicia a súa colaboración ao Goberno de Navarra para axudar a localizar aos familiares dos galegos encarcerados e en moitos casos mortos no Forte de San Cristóbal?

2ª.) Que accións vai levar a cabo para colaborar co Goberno de Navarra?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 30/05/2018 13:55:37

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 30/05/2018 13:55:45

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/05/2018 13:55:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 17:00
Nº Rexistro: 31633
Data envío: 30/05/2018 17:00:52.509

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 31 deste mes de maio remata o prazo dado polo Goberno galego para a xestión das faixas de seguridade e xestión de biomasa. O plan de actuacións en faixas secundarias fai recaer nos concellos a totalidade da carga destas medidas.

Diciamos nunha iniciativa debatida na Comisión 7ª o 20 de abril pasado que:

"Non pode, como pretende o Goberno galego, facer descansar no "voluntarismo" dos concellos (dados os limitados medios e recursos reais que teñen) a prevención de incendios forestais no contorno dos núcleos e vivendas habitadas e actuar contra o abandono de fincas próximas ás vivendas; senón que ha de depender dun deseño planificado, programado e con medios técnicos adecuados que permita ademais consolidar unha acción sostida para protexer os núcleos habitados".

Advertiamos tamén da necesidade de establecer mecanismos directos e estables de colaboración entre os concellos e o persoal técnico dos distritos para levar a termo de inmediato unha planificación das actuacións preventivas con base na información de risco que teñen ambas as dúas administracións, a fin de que os concellos teñan ademais unha guía de actuación consonte prioridades predefinidas con base en criterios técnicos solventes.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 17:00
Nº Rexistro: 31633
Data envío: 30/05/2018 17:00:52.509

Chamabamos a atención tamén da imposibilidade de parte da maioría dos concellos galegos de poder levar a cabo estes labores baixo risco de provocar un colapso na administración local se a Xunta non poñía a disposición dos mesmos os medios humanos e orzamentarios necesarios para tal labor.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é o balance de actuacións feitas, número de hectáreas sobre as que se actuou subsidiariamente e número de hectáreas que foron limpas voluntariamente?

-Cal foi a aportación orzamentaria ós concellos de parte da Xunta para este labor?

-Cales foron os principais impedimentos con que se atoparon os concellos á hora de poñer en práctica as instrucións dadas desde a Consellería de Medio rural ó respecto?

-Que ten previsto facer a Xunta de Galicia para continuar con este labor?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2018 17:00
Nº Rexistro: 31633
Data envío: 30/05/2018 17:00:52.509

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/05/2018 16:59:13

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2018 16:59:17

Ana Pontón Mondelo na data 30/05/2018 16:59:21

Olalla Rodil Fernández na data 30/05/2018 16:59:23

Noa Presas Bergantiños na data 30/05/2018 16:59:24

Xosé Luis Bará Torres na data 30/05/2018 16:59:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A enfermidade renal crónica, está recoñecida a nivel mundial como un problema de saúde pública que afecta a unha parte significativa da poboación. O tratamento mediante diálise, representa un último recurso terapéutico, independentemente do transplante.

O Servizo Galego de Saúde, carece de medios propios para prestar este tratamento, así como dun plan específico de saúde renal que aborde o diagnóstico e tratamento da enfermidade dun xeito detallado e específico.

O Consello de Contas, no seu informe do ano 2012 relativo á fiscalización da actividade concertada da diálise no SERGAS, instaba a abordar ese plan específico e aumentar o control da actividade concertada por existir diferentes irregularidades na mesma.

Concluída o propio Consello, que nos servizos de hemodiálise os prezos variaban sen existir razóns de natureza económica ou prestacional que xustificase esta variación, advertindo situacións particulares como as do Centro Souto Boi na que os prezos non respondían nin no concepto, nin no importe, ás características da prestación contratada.

Ademais, centraba tamén unha das súas conclusións e recomendacións na necesidade de adaptar os procedementos contractuais á normativa de aplicación, considerando que o réxime de acordos que vinculan a entidade co SERGAS non se consideran axeitados para definir a relación contractual.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Considera o Goberno que é axeitada a relación contractual que mantén cos centros concertados para a prestación do servizo?
- Teñen regularizadas esas contratacións?
- Cales foron as actuacións levadas a cabo para dar cumprimento ás recomendacións do Consello de Contas?
- Por que aínda non teñen elaborado un plan específico de saúde renal?
- Como é posible que existan esas variacións que denuncia o Consello na prestación do servizo?
- Cales son as medidas específicas que levaron respecto aos prezos inxustificables do Centro Souto Boo?
- Teñen elaborado algún estudo sobre os custos dos tratamentos?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/05/2018 16:51:23

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A ría de Arousa é a máis extensa das rías galegas e resulta incalculable o seu valor en termos medioambientais e de impacto social e económico, tanto pola produción de cultivo marisqueiro como pola potencialidade turística asociada que conleva.

Non entanto, a aposta da Xunta de Galicia por este enclave xeográfico non resulta convincente nos últimos anos. A existencia de problemas de depuración e saneamento de contornos urbanos que non son debidamente tratados e repercuten na ría, a falla de conciencia dende a administración autonómica sobre os problemas que se poden causar sobre a ría, o desleixo no tratamento e mantemento de diversos espazos estratéxicos e a tímida aposta polo reforzo medioambiental fan que a Ría de Arousa se atope desaproveitada en termos de produción e con problemas de corte medioambiental.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversos puntos de Galicia, pola falla dun sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Xa en 2013 se producira un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas. Sobre a ría de Arousa recaen os problemas sinalados da errónea depuración de augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela, cuxos problemas se trasladan de maneira directa ou indirecta a través do curso fluvial do Ulla.

O Goberno ten respondido en varias ocasións que leva investidos, dende 2009, máis de 30 millóns de euros na ría de Arousa e que serán máis de 70 millóns cando remate o ano 2020, ano no que todas as obras estarán feitas ou e execución. Mais os resultados non se aprecian: o estado das rías afecta de maneira directa á produción marisqueira, que se ve diminuída cada ano e redunda na perda de permisos de explotación marisqueira de maneira continuada. En Galicia, os permisos caeron nun 40 % dende a chegada do Goberno do presidente Feijóo, quedando xa en menos de 4 000 cando en 2009 estaban por riba dos 6 500. A maior parte desta caída dáse na ría que concentra o maior número dos permisos, que é a de Arousa. A produción do libre marisqueo concluíu nesta última campaña por debaixo dos 400 millóns de toneladas, caendo un 25 % respecto do ano pasado.

O aproveitamento do potencial turístico e medioambiental da ría de Arousa non conta con mellor sorte. A inclusión da Illa de Cortegada e de Sálvora no Parque Nacional Illas Atlánticas podería ter sido un elemento de dinamización, mais a realidade é que son os concellos os que están a pular por manter en valor estes espazos, mentres que a Xunta de Galicia sacou adiante o Plan reitor de usos e xestións do parque moitos anos despois do prazo marcado e sen ter en conta observacións dos concellos ou das asociacións medioambientais. No mesmo sentido, os espazos baixo distintas figuras de protección medioambiental non están sendo axeitadamente coidados, como ocorre no caso da ensenada de Os Pasales, no linde entre Sanxenxo e Meaño, zona de especial conservación e que forma parte do espazo protexido do complexo intermareal Umia-O Grove.

A potencialidade da ría de Arousa en todas as súas perspectivas permitiría promover unha aposta estratéxica de calado, que permitise referenciar o entorno natural privilexiado e a súa conexión social e económico coa contorna, contribuíndo isto a un pulo de dinamización da comarca de moito interese.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre os problemas que afectan á ría de Arousa pola defectuosa depuración de augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela, recoñecida pola propia UE e obxecto de sancións a España?
2. Comprométese o Goberno a ter rematadas ou en execución todas as obras de depuración e saneamento na ría de Arousa no ano 2020?
3. Vai elaborar e poñer en funcionamento o Goberno, ao longo deste ano 2018 e cunha partida orzamentaria específica, un plan especial de sostenibilidade e aproveitamento da ría de Arousa, que desenvolva medidas relativas a depuración e saneamento, produción marisqueira e protección medioambiental?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/05/2018 17:48:35

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/05/2018 17:48:41

Raúl Fernández Fernández na data 30/05/2018 17:48:46

María Luisa Pierres López na data 30/05/2018 17:48:50

María Dolores Toja Suárez na data 30/05/2018 17:48:55

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A ría de Arousa é a máis extensa das rías galegas e resulta incalculable o seu valor en termos medioambientais e de impacto social e económico, tanto pola produción de cultivo marisqueiro como pola potencialidade turística asociada que conleva.

Non entanto, a aposta da Xunta de Galicia por este enclave xeográfico non resulta convincente nos últimos anos. A existencia de problemas de depuración e saneamento de contornos urbanos que non son debidamente tratados e repercuten na ría, a falla de conciencia dende a administración autonómica sobre os problemas que se poden causar sobre a ría, o desleixo no tratamento e mantemento de diversos espazos estratéxicos e a tímida aposta polo reforzo medioambiental fan que a Ría de Arousa se atope desaproveitada en termos de produción e con problemas de corte medioambiental.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversos puntos de Galicia, pola falla dun sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Xa en 2013 se producira un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas. Sobre a ría de Arousa recaen os problemas sinalados da errónea depuración de augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela, cuxos problemas se trasladan de maneira directa ou indirecta a través do curso fluvial do Ulla.

O Goberno ten respondido en varias ocasións que leva investidos, dende 2009, máis de 30 millóns de euros na ría de Arousa e que serán máis de 70 millóns cando remate o ano 2020, ano no que todas as obras estarán feitas ou e execución. Mais os resultados non se aprecian: o estado das rías afecta de maneira directa á produción marisqueira, que se ve diminuída cada ano e redunda na perda de permisos de explotación marisqueira de maneira continuada. En Galicia, os permisos caeron nun 40 % dende a chegada do Goberno do presidente Feijóo, quedando xa en menos de 4 000 cando en 2009 estaban por riba dos 6 500. A maior parte desta caída dáse na ría que concentra o maior número dos permisos, que é a de Arousa. A produción do libre marisqueo concluíu nesta última campaña por debaixo dos 400 millóns de toneladas, caendo un 25 % respecto do ano pasado.

O aproveitamento do potencial turístico e medioambiental da ría de Arousa non conta con mellor sorte. A inclusión da Illa de Cortegada e de Sálvora no Parque Nacional Illas Atlánticas podería ter sido un elemento de dinamización, mais a realidade é que son os concellos os que están a pular por manter en valor estes espazos, mentres que a Xunta de Galicia sacou adiante o Plan reitor de usos e xestións do parque moitos anos despois do prazo marcado e sen ter en conta observacións dos concellos ou das asociacións medioambientais. No mesmo sentido, os espazos baixo distintas figuras de protección medioambiental non están sendo axeitadamente coidados, como ocorre no caso da ensenada de Os Pasales, no linde entre Sanxenxo e Meaño, zona de especial conservación e que forma parte do espazo protexido do complexo intermareal Umia-O Grove.

A potencialidade da ría de Arousa en todas as súas perspectivas permitiría promover unha aposta estratéxica de calado, que permitise referenciar o entorno natural privilexiado e a súa conexión social e económico coa contorna, contribuíndo isto a un pulo de dinamización da comarca de moito interese.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre os problemas que afectan á ría de Arousa pola defectuosa depuración de augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela, recoñecida pola propia UE e obxecto de sancións a España?
2. Comprométese o Goberno a ter rematadas ou en execución todas as obras de depuración e saneamento na ría de Arousa no ano 2020?
3. Vai elaborar e poñer en funcionamento o Goberno, ao longo deste ano 2018 e cunha partida orzamentaria específica, un plan especial de sostenibilidade e aproveitamento da ría de Arousa, que desenvolva medidas relativas a depuración e saneamento, produción marisqueira e protección medioambiental?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/05/2018 17:49:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/05/2018 17:49:13

Raúl Fernández Fernández na data 30/05/2018 17:49:18

María Luisa Pierres López na data 30/05/2018 17:49:26

María Dolores Toja Suárez na data 30/05/2018 17:49:31

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A pesares da intensa actividade do “Departamento de Publicidade e Propaganda” da Xunta de Galicia en relación coa súa “incansable” actividade para vixiar os incrementos do prezo de combustible en Galicia, os resultados teñen sido moi escasos. Aínda que as campañas de publicidade continúa, recentemente case 2 millóns de euros só da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

No derradeiros meses, o prezo do petróleo está medrando de maneira sostida, e xa se aproxima so 80 dólares por barril. Neste contexto, os socialistas seguimos a denunciar que as estratexias empresariais prexudican intereses, tanto dos cidadáns e cidadás, como do propio tecido económico do país, xa que o prezo dos combustibles, e polo tanto do transporte por estrada, é un elemento moi importante da competitividade do país.

Neste repunte do prezo, tódolos indicios mostran que esta subida está a ser trasladada con celeridade e forza ás persoas consumidoras finais. De feito, vimos asistindo dende hai anos a unha estratexia das empresas comercializadoras de combustibles derivados do petróleo, e que as autoridades de competencia non son quen de evitar, que impide que a diminución do prezo do cru se traslade aos consumidores con rapidez, tanto a familias como a empresas; pero consegue que os incrementos do petróleo o fagan con celeridade.

Neste contexto, a finais de xaneiro, fai catro meses, neste Parlamento aprobouse una Proposición non de lei en Comisión, na que se instaba a Xunta de Galicia:

1. A presentar un paquete de novas medidas que contribúa a evitar o forte incremento dos prezos dos combustibles que se está a producir en Galicia fronte ao conxunto de España.

2. A reforzar e mellorar os mecanismos de control e defensa da competencia e dos consumidores no marco das competencias autonómicas.

3. A estreitar e potenciar a colaboración coa Comisión Nacional de Mercados y la Competencia (CNMC) para atallar as distorsións do mercado que están a producir os diferenciais nos prezos de combustible en Galicia respecto ao resto de España.

Lamentablemente, non parece que se teñan feito esas xestións, ou polo menos non teñen acadado un éxito mínimo no control de prezos; e os derradeiros datos coñecidos mostran que os prezos do combustible en Galicia, continúa sendo máis alto que no resto das comunidades peninsulares. Como exemplo, o diésel, que ten o maior efecto na competitividade do conxunto da economía sufriu no últimos meses os maiores incrementos, a un ritmo que duplica o da media estatal.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Presentou a Xunta de Galicia un paquete de novas medidas que contribúa a evitar o forte incremento dos prezos dos combustibles que se está a producir en Galicia fronte ao conxunto de España?

2. De non telo feito, cal é o calendario para facelo?

3. Ten desenvolvido a Xunta de Galicia algún plan para reforzar e mellorar os mecanismos de control e defensa da competencia e dos consumidores no marco das competencias autonómicas?

4. De non telo feito, cal é o calendario para facelo?

5. Ten desenvolto a Xunta de Galicia algún mecanismo axeitado para estreitar e potenciar a colaboración coa Comisión Nacional de

 Grupo Parlamentario

Mercados y la Competencia (CNMC) para atallar as distorsións do mercado que están a producir os diferenciais nos prezos de combustible en Galicia respecto ao resto de España?

6. De non telo feito, cal é o calendario para facelo?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/05/2018 17:44:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/05/2018 17:44:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Julia Torregrosa Sañudo e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3.^a**

Malia que o salario medio anual de Galicia medrou un 2,2% con respecto ao ano 2015, situándose nos 21.082 euros, no ano 2016 continúa sendo o cuarto máis baixo do Estado. A media salarial galega está máis de 2.000 euros por debaixo da media estatal, de 23.156,34.

Os territorios con mellor media salarial son o País Vasco (27.480,7 euros), Madrid (26.330,1 euros) y Navarra (25.468,3 euros). A diferenza con respecto a Galicia é máis que salientable.

Aínda por riba, a fenda salarial de xénero incrementouse en Galicia. Aínda que aumentaron os salarios dos homes e das mulleres, os primeiros perciben un 2.5% máis que o ano anterior e as mulleres un 1,1% máis. O crecemento do salario masculino é máis do dobre que o feminino. Os homes gañan así 585 euros máis, alcanzando os 23.774,2, e as mulleres só 200 euros máis, chegando aos 18.294,5. A brecha bruta é polo tanto de case 5.500 euros anuais.

O aumento da desigualdade en Galicia contrasta co seu descenso no resto do Estado. Se no ano 2015 as mulleres cobraban de media un 22,8% menos que os homes, no ano 2016 a diferenza entre os sexos era de 22,3%.



Porcentualmente, os varóns galegos cobran de media un 30% máis que as súas compañeiras, o que os sitúa 7 puntos por enriba da cifra do estado de fenda salarial. Trátase, polo tanto, dun problema que se agrava no noso territorio. Algo semellante non pode acontecer por casualidade, senón que ten que ter algún tipo de causa estrutural sobre a que o Goberno tería que actuar.

Cando atendemos aos datos da precariedade, novamente as mulleres son as peor paradas. No ano 2016 o número de mulleres con ingresos iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional foi do 17,8%. Os homes na mesma situación non chegan ao 7,8%.

A mocidade comproba tamén como a recuperación reivindicada polo Partido Popular lles pasa de largo. Os menores de 20 anos foron os que máis viron reducir o seu salario medio no ano 2016, pero o resto de mozas e mozos tamén padeceron recortes. Os ocupados e ocupadas de entre 24 e 34 anos gañaron unha media de 16.464 euros, un 1,7 menos que no 2015.

Todo isto sucede ao mesmo tempo que se incrementa a fenda salarial entres os máis ricos e os máis pobres. Cómpre, polo tanto, tomar medidas para que cando chegue a recuperación económica non deixe a ninguén atrás e contribúa a limar as desigualdades que aínda hoxe se perpetúan.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª:

- A que atribúe a Xunta o aumento das diferencias salariais entre homes e mulleres? Por que aumenta a fenda salarial en Galicia, pero diminúe no resto do Estado? Que está a facer mal o Goberno do Partido Popular?



- E no caso da mocidade, por que a xente nova ten que conformarse con salarios cada vez máis baixos e peores condicións laborais?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/05/2018 18:12:28

Julia Torregrosa Sañudo na data 30/05/2018 18:12:38

Marcos Cal Ogando na data 30/05/2018 18:12:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31665
Data envío: 30/05/2018 19:20:24.602

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As primeiras sentenzas do xuízo da coñecida como *trama Gürtell* ten consecuencias políticas de grande alcance. Por primeira vez en toda Europa un partido político é condenado por corrupción. Esta sentenza corrobora que no Partido Popular había caixa B e que se cobraban sobresoldos en negro e que afirma que o PP - partido que goberna no Estado e na Galiza-, tiña creado “un auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional”. Estamos, pois, ante uns feitos moi graves, que sinalan a corrupción sistémica do réxime do 78 e alertan que só estamos ante a punta do iceberg.

O nivel de descrédito da política é un dos grandes problema que afecta a vida institucional e política. Se ben as causas do desprestixio da política son variadas e profundas, é incuestionábel que a corrupción alimenta un distanciamento maior entre a cidadanía a política. Sentenzas como a da trama Gürtell deben provocar un debate profundo sobre os principios e valores democráticos e a resposta que debemos dar ante prácticas inaceptábeis e delictivas desde o ámbito público. Urxe a asunción de responsabilidades e a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31665
Data envío: 30/05/2018 19:20:24.602

eliminación de calquera tipo de conivencia coa corrupción política, económica ou institucional.

Así, ante unha situación de tanta gravidade a resposta debe ser contundente e clara, pois non se pode minimizar o impacto que a corrupción ten desde o punto de vista democrático. Asistimos a unha situación inédita en toda Europa, que constata a existencia dunha trama corrupta que roubou cartos públicos a mans cheas, que alterou a libre competencia na adxudicación de contratos, que provocou sobrecostes de millóns de euros nas obras públicas, e que alterou as regras do xogo democrático, pois o PP presentouse ás eleccións dopado con diñeiro negro.

Unha situación que nos afecta de cheo desde Galiza, pois a trama Gürtell ten vínculos claros co noso país e aparece trufada de relacións co PPdG e con altos cargos da Xunta que require de ser investigada a fondo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Como valora a Xunta de Galiza o impacto en Galiza das primeiras sentenzas da trama Gürtell?

-Considera que esta sentenza obriga ao partido político que dá sustento ao Goberno a asumir responsabilidades?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31665
Data envío: 30/05/2018 19:20:24.602

-Como valora a opacidade da Xunta en relacións cos contratos realizados con empresas citadas na trama da Gürtell?

-Cal é a opinión sobre a necesidade de que os citados contratos sexan investigados polo Consello de Contas?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/05/2018 19:19:44

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2018 19:19:48



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 09:30
Nº Rexistro: 31665
Data envío: 30/05/2018 19:20:24.602

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/05/2018 19:19:50

Olalla Rodil Fernández na data 30/05/2018 19:19:52

Noa Presas Bergantiños na data 30/05/2018 19:19:53

Xosé Luis Bará Torres na data 30/05/2018 19:19:54

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os castiñeiros (*castanea sativa* das familia das fagáceas) son árbores cunha orixe foránea, parece que chegaron á península da man dos romanos.

A madeira de castiñeiro ten ganado un importante lugar dentro da construción e do mobiliario, e o seu produto estrela, a castaña, axudou a calmar a fame de xeracións enteiras de galegos e galegas.

Pronto colleron carta de natureza na nosa xeografía e xa desde a época medieval aparecen nas referencias forais como un cultivo de produción, que co paso do tempo ganaron importancia na dieta das poboacións ao longo e ancho da xeografía galega e só coa introdución e o espallamento dun novo cultivo como a pataca foron perdendo peso na dieta dos nosos devanceiros. Ata ben entrado o século XIX a castaña mantivo unha gran presenza como alimento básico.

Ben sexa como madeira e sobre todo como produción de castaña, nas últimas décadas veuse revelando como unha alternativa crible para as economías agrarias, ben como produción principal e sobre todo como un complemento de rendas que axuda a equilibrar as contas de moitos habitantes do rural.

O castiñeiro non está libre de enfermidades e pragas como a da tinta, chancro e recentemente a avespiña. Con respecto ao chancro (*Cryphonectia parasitaria*) desde hai uns anos aplícase un tratamento de éxito con cepas hipovirulentas que se empezaron a aplicar a partir de 2003, pero foi a partir de 2011 cando a súa aplicación se empezou a xeneralizar en soutos públicos e privados cun considerable nivel de éxito.

Ademais desta problemática os castiñeiros teñen que afrontar ao día de hoxe unha praga como a da “avespiña do castiñeiro” que tivo un forte impacto en Italia onde practicamente afectou á totalidade dos castiñeiros provocando a perda da produción de castaña. Froito desta situación puxeron en marcha o combate da praga coa loita biolóxica a base da solta do seu parasito o “*Torymus Sinensis*” con notable éxito.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os soutos e castiñeiros galegos levan rexistrando nos últimos anos a presenza da avespiña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña.

A Consellería empezou o combate desta nova praga en 2016 coa solta de *Torymus* no ano 2016, pero dun xeito experimental e logo no ano 2017, pero sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespiña que cada ano coloniza máis árbores e que de non combatela eficazmente ameaza con desfeita dos soutos e provocar o colapso da produción de castaña.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a situación de incidencia da praga da avespiña nos castiñeiros e soutos galegos en 2018?

2ª) Que tipo de seguimento se lle está a facer á expansión desta praga?

3ª) Cantos *Torymus* se levan soltado este ano e en que zonas?

4ª) Cal é a incidencia rexistrada das soltas de *Torymus*?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 31/05/2018 10:48:15

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/05/2018 10:48:26

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Sendo Emilio Pérez Touriño o presidente da Xunta de Galicia, declarou paisaxe protexida por medio do Decreto 294/2008 os Penedos de Pasarela e Traba, un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste da comunidade autónoma de Galicia, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe, na provincia da Coruña. Xustamente este ano cumpríranse 10 anos.

O propio decreto poñía en valor esta formación rochosa destacando a súa singularidade e beleza, xa que forman “un impresionante pano de fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dunha maneira especial, desde a área de Traba. Postos no areal que pecha a lagoa pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia.”

Testemuñas da nosa historia son as rochas que nos indican “os valores culturais como elemento singular nas paisaxes galegas, verdadeiros fitos aos que se lle asocian desde lendas e tradicións ata poderes curadores, tanto de enfermidades como, mesmo, de amores, desamores ou encantamentos”. “Non se trata unicamente de pedras amorfas e sen valor”, di o Decreto, “senón de elementos figurativos, preceptuais e culturais das paisaxes”.

Así no artigo 1º, establécese que “De conformidade co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, declárase paisaxe protexida o espazo natural coñecido como Penedos de Pasarela e Traba”.

E no artigo 6º relativo á xestión establecíase, entre outras cousas, que a consellaría competente é a responsable da xestión deste paraxe único. Isto implica, con carácter xeral a conservación e a protección dos elementos desta paisaxe e de maneira especial a protección e a conservación das rocas que integran esta paisaxe protexida. O Decreto ademais establece que fomentará o

Grupo Parlamentario

coñecemento desta paisaxe e promoverá a realización de programas de investigación e de educación ambiental. Tamén se promovería un desenvolvemento económico e turístico desa zona que fose respectuoso co medio.

~~Partido dos~~
Socialistas
de Galicia

Dende que o PP chegou ao Goberno da Xunta, este decreto permaneceu nun caixón, e un lugar tan emblemático e único como son os Penedos non recibiron ningún tipo de atención, obviando un decreto que aínda permanece en vigor. Isto a pesar que na disposición adicional primeira marcábase un prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste decreto, para que a consellaría competente en materia de medio ambiente aprobase o plan de conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Unha paisaxe protexida é aquela parte do territorio que as administracións competentes, a través do planeamento aplicable, e de acordo co Convenio Europeo da Paisaxe, consideran merecentes dunha protección especial polos seus valores naturais, estéticos e culturais. Dende a aparición desta figura de paisaxe protexida son dúas as paisaxes galegas que, ademais dos valores citados, presentan unha relación harmoniosa entre o ser humano e o medio natural que xustifica a súa declaración oficial: Os Penedos de Pasarela e Traba nos concellos coruñeses de Vimianzo e Laxe, e o Val do río Navea nos concellos ourensáns de San Xoán de Río e a Pobra de Trives.

Sería preciso que a Xunta aprobase un plan de conservación e un plan de conservación que inclúa un plan de acción que garanta a protección, xestión e ordenación desta paisaxe, todo iso co obxecto de evitar o deterioro do conxunto. Todo cando fixo o Goberno de Feijóo foi incluír un enlace na súa páxina web de Turismo. Nin sequera aceptou a invitación do Concello de Laxe para participar na mesa redonda que se celebrará ao día un de xuño, “Un impulso ó Plan de Conservación dos Penedos de Pasarela e Traba”.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que tipo de medidas levou a cabo o Goberno galego desde a declaración polo Decreto 294/2008 dos Penedos de Pasarela e Traba como paisaxe protexida?

Grupo Parlamentario

2ª) Pensa desenvolver o Goberno galego o Decreto 294/2008, en que prazos?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

~~Partido dos~~
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 31/05/2018 10:58:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 10:58:48

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 10:58:56

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/05/2018 10:59:14

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 10:59:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

Moitos dos profesionais que traballan diante e detrás das cámaras de RTVE – redactores, reporteiros, presentadores...– decidiron vestir de loito todos os venres ata que se reactive a reforma da presidencia e do consello de administración da entidade. Dende fai semanas, a iniciativa ten un importante seguimento nas redes sociais, nomeadamente en Twitter, onde chegou a ser trendind topic nacional coa etiqueta #ViernesNegro.

As protestas orixináronse o pasado mes de abril, cando o Partido Popular, facendo valer a súa maioría, paralizou a renovación da cúpula de RTVE. As accións foron motivadas polos Consellos de Informativos e os sindicatos da compañía, pero pronto foron secundadas por gran parte dos traballadores e traballadoras. O motivo da protesta son os casos de manipulación informativa que o persoal das canles públicas estatais lle achacan a actual directiva.

Dende o Goberno do Estado non se tardou en ofrecer unha resposta á crise. A súa postura foi resumida por Cristobal Montoro cunha frase concisa, pero repleta de contido: “Al que no le guste TVE, que cambie de canal”. Unha maneira ben sutil de dicir que os populares non teñen a máis mínima intención de deixar de manipular a televisión pública.



A protesta dos profesionais da RTVE tivo o seu eco tamén en Galicia, na delegación territorial de RTVE e na CRTVG.

O venres 25 de maio, persoal da TVG e da Radio Galega decidiu unirse ao loito iniciado na RTVE. Ademais de apoiar as demandas dos traballadores e traballadoras das canles públicas do Estado, solicitaron a creación dun Consello de Informativos e o fin da manipulación política nos medios públicos galegos. A súa protesta reflexouse nas redes sociais, onde foron expostas as súas peticións e denuncias coa etiqueta #VenresNegroTVG.

As denuncias por manipulación na TVG e na Radio Galega son, por desgraza, unha constante, pero nos últimos tempos a situación agravouse aínda máis. Non hai máis que ver o que aconteceu na cobertura do caso Gürtel para comprobalo.

A redactora xefa e presentadora Marta Darriba esixiu que a información da sentenza da Gürtel non durase máis de 50 segundos, 10 para a introdución dende o estudo e 40, como máximo, para o vídeo. A cobertura durou ao final 76 segundos, pero nela apenas se lle deixaba ningún espazo ás voces críticas.

Nada disto é de estrañar tendo en conta que o presidente da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, xornalista vencellado historicamente ao Partido Popular, leva no posto dende o ano 2009, ano no que Feijóo gañou a presidencia.

A gravidade do que acontece nos medios de comunicación públicos aféctanos a todos na medida na que vulnera o dereito cidadán a un información accesible e de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a:



- Pensa facer algo o Goberno da Xunta para atender as demandas dos profesionais da CRTVG?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/05/2018 11:48:51

Carmen Santos Queiruga na data 31/05/2018 11:48:57

Luis Villares Naveira na data 31/05/2018 11:49:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 12:23
Nº Rexistro: 31693
Data envío: 31/05/2018 12:23:52.115

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

As entidades e ONG's do terceiro sector son un elemento fundamental para a cohesión social e a atención a situacións de diferente tipo canda os propios servizos públicos. Sen prexuízo do mantemento, promoción e extensión dos servizos sociais de carácter público, débese manter a coordinación e colaboración co terceiro sector de acción social na extensión de políticas de benestar e na participación do seu deseño. Máis aínda cando após unha década de crise os servizos públicos teñen sido afectados polas políticas regresivas de recortes do Partido Popular. Durante este tempo máis que nunca colectivos sen ánimo de lucro teñen sido un elemento fundamental para unha sociedade mellor.

A respecto do autismo, na cidade de Ourense traballaba, entre outras, a Asociación Autismo Ourense, que foi constituída segundo a información pública dispoñíbel xa no ano 1999 como asociación sen ánimo de lucro por familias de persoas con TEA (Trastorno do Espectro do Autismo) e declara da de utilidade pública polo Ministerio do Interior no ano 2003. Ao longo deste tempo ten atendido a numerosas persoas de Ourense e dos seus arredores e recibido tanto doazóns como achegas de institucións a través de subvencións, tanto da Xunta de Galiza como da Deputación de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 12:23
Nº Rexistro: 31693
Data envío: 31/05/2018 12:23:52.115

Ourense, o Concello de Ourense e o propio goberno central así como varios programas europeos.

Neste ano 2018 puido coñecerse a través de diferentes novas a denuncia de pais e nais de crianzas que acudían aos servizos que desenvolvía esta asociación e a previsión tanto de incremento de prezos como de perda de servizos. Unha situación grave diante da que a Xunta de Galiza non emprendeu unha actitude proactiva na busca dunha solución.

Pasados os meses, un amplo colectivo de pais e nais de persoas con autismo, preocupados e preocupadas polo seu futuro, decidiron autoorganizarse e constituírse en asociación sen ánimo de lucro co nome de Por Eles TEA Ourense. O seu obxectivo é brindar un servizo integral tanto para veciñanza de Ourense como de concellos próximos, que se desenvolverá nunhas instalacións no barrio da Ponte.

Neste momento, o papel da Xunta de Galiza á hora de axudar a manter o papel que cumpren determinadas asociacións e colectivos, especialmente alá onde os servizos públicos non chegan, é moi importante e a implicación debe ser total para que ningunha persoa fiquen sen atender. Para isto, a Xunta de Galiza ten establecido diferentes convenios e subvencións. No inmediato, é preciso que a Xunta de Galiza brinde tanto apoio de orientación como económico para este colectivo ourensá.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Coñece o goberno galego a situación descrita? Cal é a súa valoración?
- Ten recibido o goberno galego aos pais e nais do colectivo indicado? Con que resultado?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 12:23
Nº Rexistro: 31693
Data envío: 31/05/2018 12:23:52.115

- Ten previsto o goberno galego desenvolver medidas específicas diante desta situación para favorecer o comezo de actividade desta asociación sen ánimo de lucro impulsada por pais e nais?

- Ten avaliado a Xunta de Galiza establecer algún convenio para dotar de material esta asociación? E de persoal de reforzo? E para colaborar desde o ámbito das súas competencias?

-Ten previsto algún convenio de colaboración a través do SERGAS?

- Ten previsto o goberno galego algún tipo de reforzo para a cidade de Ourense no tocante ao atendimento do TEA ao abeiro da sanidade e dos servizos sociais públicos?

- Ten coñecemento o goberno galego dalgún incumprimento ou irregularidade por parte de asociacións que traballen o espectro autista a respecto das xustificacións das obrigas adquiridas ao abeiro de financiamento outorgado pola comunidade autónoma?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 12:23
Nº Rexistro: 31693
Data envío: 31/05/2018 12:23:52.115

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2018 12:18:18

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2018 12:18:24

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2018 12:18:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/05/2018 12:18:27

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2018 12:18:28

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2018 12:18:30

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

É ben sabido que a tramitación dos plans urbanísticos municipais son trámites que poden demorarse anos. Incluso máis dunha década.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia anunciouse precisamente como un avance neste sentido, permitindo acurtar os prazos de tramitación e a simplificación administrativa na emisión dos informes.

Concellos sen embargo que comezaron a súa tramitación previa á entrada da lei poñen de manifesto eses prazos interminables e que, como no caso de Vilaboa, estase a alongar xa máis de 15 anos, convertendo a consecución da aprobación do plan nun reto que parece enmarañarse un pouco máis con cada paso dado.

Actualmente o estado de tramitación foi completado e entregada toda a documentación requirida, estando en agarda dun informe xurídico da Administración autonómica valorando a última documentación e rectificacións solicitadas por Augas de Galicia. De resultar favorable o informe podería concluírse o proceso de tramitación, dándose xa os últimos pasos administrativos de cara á aprobación definitiva do plan.

Un plan que resulta vital para mellorar as posibilidades de crecemento ordenado deste concello pero tamén para a mellora da seguridade xurídica, especialmente dos moitos veciños e veciñas con vivendas afectadas polo deslinde de costas. Problema que se remota ó ano 1988, cando a non alegación á Lei de costas en defensa dos núcleos que figuraban no plan previo, supuxo herdar un problema de graves

 Grupo Parlamentario

consecuencias, pola cantidade de vivendas con sancións ou ordes incluso de derribo. Un problema que tamén sufriron outros concellos do entorno como Marín e Moaña, e que conseguiron resolver positivamente, nun caso co impulso dun PXOM e noutro por unha consideración de excepción xustificada.

O concello de Vilaboa, precisa polo tanto con urxencia dun Plan Xeral de Ordenación Municipal non só para dotar de maior seguridade xurídica a todas as accións urbanísticas futuras, senón para regularizar a situación dos núcleos costeiros e con iso a posible solución a moitos dos expedientes sancionadores abertos desde a APLU.

Tórnase preciso polo tanto o apoio da Xunta de Galicia a este concello para coordinar todas aquelas eivas que poidan detectarse na tramitación para solucionarlas no menor tempo posible, así como na elaboración dos informes precisos de valoración da documentación para que os veciños e veciñas afectadas poidan optar á regularización das súas vivendas, nos casos que isto sexa factible.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas está levando a cabo o Goberno galego para apoiar ao Concello de Vilaboa na actualización e aprobación do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal?
2. É consciente o Goberno da especial urxencia da aprobación do PXOM neste concello?
3. Entende que para este concello a aprobación dun plan dotará de seguridade xurídica a moitos dos seus veciños e veciñas que, incluso amparados por licencias, teñen ordes de derribo ou expedientes de sanción sobre as súas vivendas por parte da APLU?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Ten pensado a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio atender a petición do Concello de Vilaboa para axilizar o informe xurídico da última documentación facilitada a Augas de Galicia ?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:26:24

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:26:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 12:26:34

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En setembro do pasado ano, este grupo parlamentario rexistraba iniciativas sobre o Plan especial de dotación e infraestruturas “As Costeiras (PE-4)” en Baredo, no concello de Baiona (Pontevedra), proxecto que tivo en contra á veciñanza da parroquia dende o momento en que o coñeceron.

Do propio proxecto dérívase que o estudo de impacto ambiental presentado pola empresa resulta insuficiente, en aspectos tan relevantes como xeografía, demografía e ecoloxía, sendo especialmente preocupante o impacto directo sobre os recursos hídricos, a flora e a fauna. Así consta expresamente en varias resolucións da Xunta de Galicia, como a resolución da Consellería de Medio Ambiente, de 31 de agosto de 2015, desfavorable ao dito estudo de impacto ambiental.

Falamos do ano 2015. Non se ten movido un papel dende entón. O artigo 60 da Lei do solo de Galicia 2/2016, de 10 de febreiro, establece que “o órgano ambiental realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no medio ambiente. Se durante a análise observase algunha deficiencia, instará ao concello á subsanación no prazo máximo de tres meses. Transcorridos tres meses dende o requirimento do órgano ambiental ao concello sen ter remitido o expediente subsanado, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, notificando ao concello promotor e á consellería competente en materia de Urbanismo a resolución de terminación”. O propio Goberno, en data 15 de decembro de 2017, respondía a este grupo que o Concello de Baiona non remitira a súa proposta final do plan. Procede, polo tanto, unha resolución de terminación.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre o Plan especial de dotación e infraestruturas “As Costeiras (PE-4)”, no concello de Baiona?
2. En relación a este plan especial, está a cumprir o Goberno o artigo 60 da Lei do solo de Galicia 2/2016, do 10 de febreiro?
3. Pasados tres meses dende o requirimento polo Goberno ao Concello de Baiona sen terse remitido por este último o expediente subsanado, vai acordar o Goberno unha resolución de terminación? Cando?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 12:00:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/05/2018 12:00:19

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:00:25

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:00:30

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na parroquia de San Amaro, en Barro (Pontevedra) hai 13 familias que non teñen auga nas súas casas porque hai 8 anos secaron ou seus pozos polas obras do Eixo Atlántico realizadas por ADIF e o Ministerio de Fomento. Dende ese momento, apáñanse como poden cun depósito colectivo que dá moitos problemas e que se avaría con frecuencia, polo que en multitude de ocasións non teñen auga potable, ademais de ter que asumir o alto e inasumible custo que supoñen o mantemento e a reparación continua das bombas que dan potencia ao depósito. ADIF prometéralles a reposición dos seus pozos, mais esa promesa foise co vento.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego que teñen razón os veciños e veciñas de San Amaro, en Barro (Pontevedra) en canto as súas reclamacións?
2. Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado a modificación do sistema de abastecemento mediante a construción de pozos de auga individuais?
3. Como valora o Goberno a falla de resposta ante a solicitude de entrevista pola veciñanza á Subdelegación do Goberno en Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 12:03:51

Julio Torrado Quintela na data 31/05/2018 12:03:57

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:04:02

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:04:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os problemas de mobilidades das persoas en Galicia non son novos, veñen de lonxe. Neste caso falamos dos estudantes de bacharelato do concello de Oia, que se reparten segundo os colexios nos que estiveran nos cursos anteriores entre Baiona e A Guarda. Os horarios dos autobuses para este alumnado son absolutamente inapropiados, para que podan desenvolver as súas actividades, tanto as académicas, como as complementarias que teñan que ver co seu ciclo educativo.

Frecuencias e horarios escasos e pouco coordinados, que acaban situando o esforzo de mobilidade destes estudantes nas familias, xa duramente golpeadas pola crise económica, e que se converten nunha obriga máis para os pais e as nais.

Lamentablemente, existen dificultades obxectivas de transporte dos estudantes de bacharelato os seus institutos, e a Xunta de Galicia non ten desenvolvido medidas eficaces para melloralas. É necesario compatibilizar os horarios das clases e as actividades académicas complementarias co transporte dos e das estudantes, algo que as concesións administrativas autonómicas non fan; polo tanto a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta debería de facilitar todo o posible os trámites para garantir este servizo.

A queixas das persoas usuarias teñen sido constantes; e a Xunta de Galicia non foi quen de aproveitar o novo deseño e concurso do transporte interurbano para adecuar a oferta do mesmo á demanda de estudantes e traballadores, especialmente en aqueles concellos como Oia que se atopan lonxe das grandes vías de comunicación, que

 Grupo Parlamentario

algunhas zonas, como a parte alta do concello non ten ningún tipo de comunicación de transporte público.

A solución doada a este problema debería de producirse no ámbito do chamado transporte metropolitano, polo que estamos a falar dunha competencia que corresponde na súa totalidade, ao 100 %, incluído o seu financiamento, á Comunidade Autónoma de Galicia.

O ámbito da Área Metropolitana de Vigo, que tería competencias no ámbito do transporte metropolitano, e a que se poderían engadir outros concello como Oia, está inexplicablemente paralizada por un recurso do goberno galego. E mentres tanto, os problemas de frecuencias e horarios de transporte interurbano sen solucionar, en Oia e en outros moitos municipios.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas de mobilidade que teñen os e as estudantes de bacharelato de concellos como o de Oia para acudir aos seus institutos?
2. Tense posto en contacto o Concello de Oia coa Administración autonómica á hora de solucionar estes problemas?
3. Se é así, que xestións ten feito a Administración autonómica?
4. Cales son as solucións que ten pensado desenvolver a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de transporte dos estudantes de bacharelato residentes en concellos que non teñen instituto aos seus centros de referencia en outros concellos?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Raúl Fernández Fernández

 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/05/2018 12:54:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/05/2018 12:54:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 31/05/2018 12:54:20

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:54:26

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:54:30

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Os problemas de mobilidades das persoas en Galicia non son novos, veñen de lonxe. Neste caso falamos dos estudantes de bacharelato do concello de Oia, que se reparten segundo os colexios nos que estiveran nos cursos anteriores entre Baiona e A Guarda. Os horarios dos autobuses para este alumnado son absolutamente inapropiados, para que podan desenvolver as súas actividades, tanto as académicas, como as complementarias que teñan que ver co seu ciclo educativo.

Frecuencias e horarios escasos e pouco coordinados, que acaban situando o esforzo de mobilidade destes estudantes nas familias, xa duramente golpeadas pola crise económica, e que se converten nunha obriga máis para os pais e as nais.

Lamentablemente, existen dificultades obxectivas de transporte dos estudantes de bacharelato os seus institutos, e a Xunta de Galicia non ten desenvolvido medidas eficaces para melloralas. É necesario compatibilizar os horarios das clases e as actividades académicas complementarias co transporte dos e das estudantes, algo que as concesións administrativas autonómicas non fan; polo tanto a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta debería de facilitar todo o posible os trámites para garantir este servizo.

A queixas das persoas usuarias teñen sido constantes; e a Xunta de Galicia non foi quen de aproveitar o novo deseño e concurso do transporte interurbano para adecuar a oferta do mesmo á demanda de estudantes e traballadores, especialmente en aqueles concellos como Oia que se atopan lonxe das grandes vías de comunicación, que algunhas zonas, como a parte alta do concello non ten ningún tipo de comunicación de transporte público.

A solución doada e este problema debería de producirse no ámbito do chamado transporte metropolitano, polo que estamos a falar dunha competencia que corresponde na súa totalidade, ao 100 %, incluído o seu financiamento, á Comunidade Autónoma de Galicia.

O ámbito da Área Metropolitana de Vigo, que tería competencias no ámbito do transporte metropolitano, e a que se poderían engadir outros concello como Oia, está inexplicablemente paralizada por un recurso do goberno galego. E mentres tanto, os problemas de frecuencias e horarios de transporte interurbano sen solucionar, en Oia e en outros moitos municipios.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas de mobilidade que teñen os e as estudantes de bacharelato de concellos como o de Oia para acudir aos seus institutos?
2. Tense posto en contacto o Concello de Oia coa Administración autonómica á hora de solucionar estes problemas?
3. Se é así, que xestións ten feito a Administración autonómica?
4. Cales son as solucións que ten pensado desenvolver a Xunta de Galicia para solucionar os problemas de transporte dos estudantes de bacharelato residentes en concellos que non teñen instituto aos seus centros de referencia en outros concellos?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

 Grupo Parlamentario

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/05/2018 12:54:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/05/2018 12:54:46

Maria de la Concepción Burgo López na data 31/05/2018 12:54:51

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:54:56

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:55:01



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:03
Nº Rexistro: 31719
Data envío: 31/05/2018 13:03:00.272

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A empresa pública Seaga leva sendo unha peza clave no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

A empresa pública Seaga leva sendo unha peza clave/importante no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

O dispositivo de Seaga organízase en función das necesidades marcadas pola propia Consellería do Medio Rural, actúa baixo o mesmo mando que o dispositivo de SPDCIF da Consellería e de xeito conxunto co mesmo. A estas alturas non é algo esóxeno e alleo ó mesmo.

A experiencia, profesionalidade, sacrificio e eficacia dos seus membros ten sido demostrada nas súas actuacións no combate directo contra o lume que enfrontaron en todas estas campañas pasadas.

O desperdicio de recursos económicos e humanos que suporía, para a o sector público galego, o desprenderse do capital humano no que a propia Consellería estivo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:03
Nº Rexistro: 31719
Data envío: 31/05/2018 13:03:00.272

investindo nos últimos anos (formación, experiencia, capacidades...), e do organizativo e estrutural que a entidade posúe.

A capacidade organizativa e estrutural, a experiencia acumulada polo seu persoal título individual e colectivo non é substituíble por brigadas formadas circunstancialmente polas administracións locais que estivesen dispostas a facelo.

Se temos en conta as denuncias das organizacións sindicais, acerca das condicións salariais dos traballadores da empresa, tampouco se pode argumentar unha cuestión económica e de aforro para prescindir do dispositivo de Seaga. E dado que Seaga, como empresa pública da Xunta de Galicia, non ten como obxectivo principal a xeración de beneficios económicos (que en todo caso volverían a reverter nas propias arcas da administración galega), enténdese que o custo unitario deste dispositivo debería ser máis económico, ou en todo caso á par que o dispositivo do persoal da Consellería.

O perfil e as características do persoal de Seaga fai que poidan desempeñar outros labores fundamentais para o medio rural galego, baixo as directrices axeitadas da Consellería do Medio Rural, en temas non tan só de prevención e extinción de lumes, senón tamén en moitos outros agroforestais, medioambientais, de sanidade vexetal e animal, de emerxencias.... A xeito de exemplo o persoal de Seaga podería estar realizando para distintas administracións traballos de control e erradicación de pragas (nespra velutina, polilla guatemalteca das patacas, picudo das palmeiras, pragas forestais....), control de biomasa forestal onde a administración local non dispoña de recursos, xestión e mantemento de montes de titularidade pública e/ou colaboración coas CMVMC, traballos en espazos naturais galegos, etc.....etc....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:03
Nº Rexistro: 31719
Data envío: 31/05/2018 13:03:00.272

Resulta irracional, e fóra de toda lóxica de xestión axeitada dos recursos públicos, prescindir do capital humano que a propia Consellería formou nestes anos a traveso de Seaga e para o que destinou recursos públicos.

Faise de todo necesario que se habiliten as disposicións necesarias pra que se modifique a normativa actual, e a experiencia destes traballadores e traballadoras sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia.

De non ser feito así ímonos atopar coa situación perversa, provocada por unha decisión política, de que os traballadores que puxeron en risco as súas vidas traballando cóbado con cóbado na primeira liña de combate contra os lumes forestais, baixo o mesmo mando, de xeito coordinado polos mesmos responsables, sometidos ós mesmos riscos e ós mesmos sacrificios, a Conselleira vainos a dividir en dúas castes: traballadores de primeira e de segunda, en función de quen lles fixese o contrato nesa campaña, e non do traballo que leven desempeñado na súa vida profesional. De xeito coloquial e para que se entenda ben: *“se te contratou un Distrito Forestal “váleme” a túa experiencia e puntúocha nas listas, pero si te contratou Seaga nese mesmo Distrito, e fuches ós mesmos lumes có teu compañeiro da “Xunta”, e a pesar de que compartiches día e noite con el os seus traballos e riscos, non me “vale” a túa experiencia e non cha puntúo.*

Os contratos nas brigadas municipais si lle son recoñecidos e baremables, independentemente de se foron ó “lume” ou non. É dicir, se o Goberno Galego non adopta as medidas oportunas para emendar esta eiva, a Conselleira estará mandando a seguinte mensaxe: *só recoñezo os méritos dos traballadores que contrataron os Concellos, e dos que a Consellería contratou directamente, pero non a dos traballadores que traballaron para a Consellería a través do seu medio propio como é a empresa pública Seaga.*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:03
Nº Rexistro: 31719
Data envío: 31/05/2018 13:03:00.272

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Está en risco de extinción a empresa pública Seaga, de ser así cales son os motivos?

-Cales son as razóns polas que non se lles recoñecen os traballos realizados, ós traballadores de Seaga, á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia?

-Por que non se lles aplica o V Convenio?

-Por que se continúa coa duplicidade de tarefas de prevención e extinción no período de alto risco?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:03
Nº Rexistro: 31719
Data envío: 31/05/2018 13:03:00.272

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/05/2018 12:58:42

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2018 12:58:47

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2018 12:58:49

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2018 12:58:51

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2018 12:58:52

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2018 12:58:54

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En decembro de 2017, no Concello de Teo tivo entrada unha solicitude de compatibilidade urbanística solicitada polo GRUPO TOYSAL (a efectos de incluíla na presentación de solicitude de autorización ambiental integrada) para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga. O obxecto do proxecto é o tratamento e reciclado de 90.000 toneladas de residuos para producir, basicamente, biogás.

O certo é que no proxecto pódense atopar, entre outras referencias, as seguintes:

1. A instalación dunha balsa de 5.000 m³.
2. A posible afectación dos cursos fluviais dos ríos Sar e Tinto, sitos a uns 1.000 metros da planta.
3. A existencia de edificacións que causarán un impacto potencial negativo sobre a fauna.
4. Malos cheiros pola trasfega e o almacenamento previo dos residuos agroindustriais.
5. Ruídos e vibracións polo propio funcionamento da maquinaria e tránsito de vehículos, que poden perturbar a animais e persoas en zonas próximas á explotación.
6. Emisións de partículas de gases contaminantes á atmosfera, que poden ter efectos negativos na contorna.
7. Xeración de residuos semellantes aos urbanos, que poderían producir, por exemplo, contaminación de solos, de acuíferos por lixiviados e das augas superficiais.
8. Creación de focos infecciosos coa conseguinte proliferación de pragas de roedores e insectos.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Lamentablemente, as conclusións deste proxecto son moi pouco garantistas, pois di que a instalación englobará “diversas tecnoloxías punteiras no pretratamento, dixestión ou concentración de residuos orgánicos” e que é imposible establecer un plan de restauración detallado, dada a imposible previsión da evolución das condicións socio-económicas locais e nacionais.

Os veciños e veciñas están preocupados e teñen constituído unha plataforma de afectados chamada “Casalonga limpa de residuos”, polo que é o Goberno quen debe ser transparente e dar explicacións, posto que a Xunta de Galicia é a administración competente para tramitar a autorización ambiental integrada deste tipo de actividades. Os veciños teñen o apoio do seu concello, que no Pleno do día 30 de maio acordaba, por unanimidade, o rexeitamento a este tipo de instalacións en solo rústico do noso concello.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que fase se atopa o proxecto básico e estudo de impacto ambiental da planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no Concello de Teo, solicitada polo GRUPO TOYSAL?
2. Que ten que dicir o Goberno galego sobre a posible afectación deste proxecto sobre os cursos fluviais dos ríos Sar e Tinto; o impacto negativo sobre a fauna das edificacións; os malos cheiros pola trasfega e o almacenamento previo de residuos agroindustriais; os ruídos e vibracións polo propio funcionamento da maquinaria e tránsito de vehículos; a emisión de partículas de gases contaminantes á atmosfera; a contaminación de solos, de acuíferos por lixiviados e das augas superficiais ou a creación de focos infecciosos coa conseguinte proliferación de pragas de roedores e insectos a que fai referencia o propio proxecto da empresa solicitante?
3. Considera o Goberno que as tecnoloxías punteiras que prevé o proxecto son suficientes?
4. Vai esixir o Goberno un plan de restauración detallado?

 Grupo Parlamentario

5. Cal vai ser a postura do Goberno ante a solicitude de instalación dunha planta de residuos na Casalonga, no Concello de Teo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 12:57:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/05/2018 12:57:16

Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:57:22

María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:57:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:10
Nº Rexistro: 31727
Data envío: 31/05/2018 13:10:18.412

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Recentemente aparecía no DOG número 65 publicado en data 4 de abril de 2018, un anuncio da Axencia Galega de Infraestruturas (anuncio do 21 de marzo de 2018), polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na 04-402, treito Reza, así como a relación individual de bens, dereitos e persoas propietarias afectadas polo proxecto referido.

Este proxecto e a opacidade e falta de claridade ao respecto por parte da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense causaron un profundo malestar e preocupación por parte da poboación ourensá. Na teoría, o presente proxecto tiña por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño. Posteriormente, froito da mobilización e contestación social, a Xunta de Galiza asegurou publicamente e en sede parlamentar que a senda sería só peonil e non mixta.

A veciñanza e diferentes colectivos sociais presentaron as súas alegacións en tempo e forma. Alén do impacto na seguridade e nas propiedades veciñais, unha preocupación importante viña a ser que o proxecto, ademais, non contemplaba as históricas demandas da veciñanza: mellora da seguridade viaria e d seguridade peonil,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:10
Nº Rexistro: 31727
Data envío: 31/05/2018 13:10:18.412

incluír nun plan de obras as beirarrúas e alumeado do que carecen en boa parte da estrada, feito que obriga á veciñanza a invadir a calzada, pola que transita un importante fluxo de vehículos, moitos deles de grandes dimensións; integración do bus urbán, etc.

Por todo o anterior exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é a alternativa da Xunta de Galiza para desenvolver a planificación integral e de seguridade do treito de Reza conforme as demandas veciñais?

-Cantas alegacións recibiu o goberno galego? Cantas ten avaliado? Cantas ten previsto incorporar?

-Cal é o prazo que baralla o goberno galego para a concreción do proxecto final? E para a súa execución?

-Que medidas para a seguridade das e dos ciclistas usuarios da vía contempla?

-A respecto do tráfico, contempla medidas para desconxestionalo? E para reducir a velocidade dos vehículos?

-Cal é a solución que se baralla para a integración do transporte urbán?

-Considera a Xunta de Galiza que ten acadado o consenso social desexábel?

-Fóronlle transmitidas por parte do Concello de Ourense alegacións propias? Cantas e en que termos? e queixas da veciñanza? En que data e mediante que formatos de información?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:10
Nº Rexistro: 31727
Data envío: 31/05/2018 13:10:18.412

-Desenvolveu ou vai desenvolver algunha actuación o goberno galego encamiñada a avaliar se o proxecto previsto é o adecuado e contrastalo coa veciñanza?

-Considera a Xunta de Galiza que a zona de Reza conta con condicións óptimas de seguridade?

-Cales son as razóns da Xunta de Galiza para non incluír no proxecto unha planificación integral da mellora da seguridade viaria na zona?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2018 13:08:19

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2018 13:08:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 13:10
Nº Rexistro: 31727
Data envío: 31/05/2018 13:10:18.412

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2018 13:08:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/05/2018 13:08:27

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2018 13:08:29

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2018 13:08:30

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Dende o ano 2009, o gabinete de prensa da EOXI de Pontevedra O Salnés é xestionada polo sector privado, un servizo máis do SERGAS que o Goberno de Feijóo decidiu privatizar.

Esta situación ademais de supoñer unha privatización paulatina do Servizo Galego de Saúde, tal e como se leva moito tempo denunciando, está chea de irregularidades.

Entre estas irregularidades chaman a atención algunhas denunciadas, tales como que a EOXI de Pontevedra O Salnés xa conte con praza pública cuberta para poder prestar o servizo, o que fai cuestionarse se a contratación de tal servizo podería supoñer un presunto desvío de poder por parte da Administración.

Con todo, este decidiu ser entregado ás mans da empresa privada mediante un procedemento negociado no que a adxudicación que sospeitosamente foi a parar nas mans do Partido Popular.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:

- Cal foi a motivación que levou ao Goberno á privatización do servizo?
- Considera o Goberno que é necesario privatizar este servizo cando xa existe persoal público con praza designada para desempeñalo?
- Cal é a xustificación do Goberno de ter empregado o procedemento negociado na contratación do servizo?



- Que valoración fai o Goberno sobre a denuncia presentada en relación a estes feitos?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/05/2018 14:18:43

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados, **Francisco Casal Vidal e Luis Villares Naveira** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para o súa resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa ao Centro de Excelencia de drons que prevé o Plan estratéxico de drons do Estado.

O pasado mes de marzo o Ministerio de Fomento presentou o Plan Estratéxico para o desenvolvemento do sector civil dos drons en España 2018-2021, co obxectivo prioritario de desenvolver a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico neste sector.

Este Plan Estratéxico ten un obxectivo transversal e multidisciplinar e pretende definir e ordenar o marco de actuación para mellorar a competitividade e o liderado das empresas do sector, polo que, nos próximos anos, pódense fortalecer, madurar e medrar, situando a España como un referente internacional neste campo.

Ademais, este Plan Estratéxico inclúe medidas para impulsar o apoio ás empresas co obxectivo de acceder a programas de financiamento, especialmente en Europa, como no caso da H2020, para continuar avanzando nº I+D+i, peza clave para o desenvolvemento do sector.

O plan identifica catro eixes estratéxicos que deben axudar a ordenar as diferentes liñas de actuación. Estes eixes están estruturados, a súa vez, en 8 liñas estratéxicas, que se especifican en 29 iniciativas.

O Plan tamén inclúe os diferentes mecanismos de xestión, coordinación e seguimento, que se articulan a través dun comité directivo e outro comité de



coordinación e seguimento cuxo obxectivo é que as iniciativas incluídas no documento sexan implementadas de forma eficiente.

Neste sentido, o Plan Estratéxico previu, como medidas máis salientables, a creación dun Centro de Excelencia que promoverá a investigación e a colaboración no ámbito do I+D+i entre as empresas e universidades, así como un Laboratorio de drons a través do que se xerarán novas aplicacións e modelos de negocio de gran impacto para o Grupo Fomento.

Tendo en conta que a Xunta de Galicia realiza un esforzo orzamentario moi importante neste sector que debe situar Galicia como unha das principais autonomías nesta tecnoloxía, imaxinamos que estará a ter unha participación moi activa para conseguir para Galicia, e en concreto para o polígono de Rozas, tanto o Centro de Excelencia como o Laboratorio de drons.

Por todo elo, En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia para que o Ministerio de Fomento tome a decisión de implantar en Galicia, no polígono de Rozas, os previstos Centro de Excelencia, que promoverá a investigación e a colaboración no ámbito do I+D+i entre as empresas e universidades, así como o Laboratorio de drons a través do que se xerarán novas aplicacións e modelos de negocio?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 31/05/2018 16:31:02

Luis Villares Naveira na data 31/05/2018 16:31:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31744
Data envío: 31/05/2018 16:59:36.397

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral Comisión**, relativa á satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados e retornadas en relación coa tributación das súas pensións e ao cumprimento dos acordos plenarios na materia.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente como o actual sistema impositivo non está a contribuír a corrixir as desigualdades económicas nin para redistribuír a riqueza. Ben ao contrario, as decisións que foron emanando ao respecto por parte do goberno central foron na dirección contraria e supuxeron grandes problemas para as maiorías sociais. Un dos sectores máis afectados foi o das e dos pensionistas galegos e, de forma especial, as e os emigrantes retornados.

Xa desde o ano 2013 tiveron que mobilizarse e organizarse socialmente para dar resposta ás inxustizas arbitradas pola facenda estatal. Milleiros de galegos e galegas viron como despois de traballar mesmo décadas fóra de Galiza obtiñan un tratamento fiscal desigual que os situaban como defraudadores e defraudadoras ao tempo que se ían coñecendo publicamente os casos de corrupción e malversación de dirixentes do Partido Popular. Se foran expulsados da súa terra de orixe nos mellores anos da súa vida, volvían recibir un duro golpe. Porén, a súa vontade incansábel conseguiu forzar cambios normativos que permitiron, grazas á mobilización popular e á contestación social, que moitas persoas recuperaran o perdido. A finais do ano 2014, a través da disposición adicional da Lei 26/2014 introduciuse unha modificación mediante a que de forma



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31744
Data envío: 31/05/2018 16:59:36.397

implícita o goberno central viña a recoñecer que a Axencia Tributaria viña realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais. Desta forma, estableceuse un período de regularización e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén, hai que sinalar tamén que estas mudanzas son aínda insuficientes e non supuxeron unha recuperación global dos dereitos vulnerados nin a tranquilidade para as diferentes casuísticas. A día de hoxe segue sen existir unha regulación real, clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Este colectivo continúa a pé de rúa para demandar ao goberno español o cumprimento dos convenios bilaterais asinados cos Estados membros, a eliminación dos expedientes abertos e o impulso de cambios normativos para homoxeneizar o status das pensións independentemente da súa orixe no marco do estado español ou no marco estranxeiro.

Unha das ausencias máis significativas é a referente ao tratamento xusto das pensións de invalidez. Neste sentido, en abril de 2017 o Bloque Nacionalista Galego impulsaba no Parlamento Galego un acordo ao respecto que foi adiante co seguinte contido: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que podan ter as súas pensións no país de residencia do ou da pensionista.». Porén, desde entón non se teñen producido cambios significativos a favor deste colectivo. Máis aínda, temos noticia de feitos preocupantes ao coñecermos casos que se ben até o momento tiñan rematado con sentenzas favorábeis cara as e os contribuíntes, comezaban a determinarse como desestimatorias, visibilizando un cambio de criterio por parte dos operadores xurídicos. Un cambio de criterio que desde a formación nacionalista vemos con preocupación, xa que pola parte competente aos organismos administrativos do social tampouco se ten



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31744
Data envío: 31/05/2018 16:59:36.397

dado unha mellora e actualización das canles a seguir para solucionar estas situacións, nin se prevén novos mecanismos que superen a saturación e listas de agarda que existen na actualidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Considera o goberno galego que está garantido o tratamento igualitario e homoxéneo para a tributación das pensións das e dos emigrantes retornados a Galiza?

-Que medidas ten demandado o goberno galego para a homologación de oficio o recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para cumprir os acordos de 2017 a respecto da problemática das e dos emigrantes retornados?

-Ten coñecemento o goberno galego do cambio de criterio no ámbito xudicial que está a motivar a desestimación de boa parte das reclamacións dos colectivos no tocante ás pensións de invalidez?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31744
Data envío: 31/05/2018 16:59:36.397

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2018 16:47:18

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2018 16:47:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/05/2018 16:47:34

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2018 16:47:39

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2018 16:47:43

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2018 16:47:46

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**.

Dende o 1 de xuño as fincas galegas deben manter unha distancia de 50 metros sen maleza e cunha distancia entre cada árbore de 7 metros. Ademais, nos 30 primeiros metros non se permiten pinos, acacias ou eucaliptos. A norma foi modificada para que os concellos poidan ordenar a limpeza dos espazos nos que existe un maior risco de lumes. A labor fiscalizadora correspóndelles a eles, pero os gastos da limpeza recaen, en calquera caso, nos propietarios e propietarias dos terreos.

As multas por vulnerar a normativa van dende os 100 euros por non limpar a finca, ata os 100.000 por reforestar con especies prohibidas, pasando pola franxa dos 300 aos 3.000 euros no caso de que se abandone unha parcela pertencente a unha concentración parcelaria. Se os incumprimentos provocan ou agravan un incendio, os costes de extinción tamén poderían ser requiridos aos propietarios ou propietarias.

Particulares, comunidades de montes, axentes forestais e a FEGAMP coinciden en que non houbo tempo dabondo para cumprir e facer cumprir a normativa, tanto polas dificultades propias da labor, como pola falta de medios humanos e materiais. Certas características do monte galego, como, por exemplo, as fincas con numerosos donos ou as choivas copiosas que alterna con episodios de moito



sol, provocando o crecemento veloz da maleza, complican moito a limpeza do monte.

Dende os concellos xa se advertiu á Xunta de Galicia en numerosas ocasións que non son quen de facer a labor de vixilancia que o Goberno espera deles xa que non conta co persoal suficiente para, entre outras cousas, identificar as parcelas que precisan mantemento, así como os propietarios ou propietarias das mesmas.

Aínda que o traballo de limpeza é un deber dos donos e donas das terras e son os Concellos os que deben velar por que se leva a cabo, a Xunta de Galicia ten que garantir que se ten acceso aos medios necesarios para que se execute e se faga executar en tempo e forma. Isto, como vemos, non está sucedendo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) A que atribúe o Goberno da Xunta que moitas fincas aínda non se rozaran como corresponde?
- 2.^a) Pensa que os concellos contan con persoal suficiente para facer cumprir a normativa? Se non é así, pensa facer algo para remedialo?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/05/2018 17:22:25

David Rodríguez Estévez na data 31/05/2018 17:22:32

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.**

O presidente Feijoo acaba de afirmar sorprendentemente nun acto cos reitores das universidades galegas que vai levantar un novo edificio na Cidade da Cultura destinado a organismos académicos como o Consorcio Interuniversitario de Galicia e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Parece ser que quere levantar o que ía ser o teatro e afirma que custará 17 millóns, pero sen dar máis datos.

Parece que quere que unha parte do custo sexa sufragado polas universidades pero non sabemos se as universidades foron avisadas deste proxecto e tampouco sabemos a que se debe esta decisión e que estudos se levaron a cabo para xustificar a construción dun edificio que, cos datos que temos neste momento, é absolutamente innecesario.

Non deixa de chamar a atención que o PP defendeu a creación do Consorcio para aforrar cartos entre as universidades e agora vai custar como mínimo 17 millóns de euros e que, por outra parte, Feijoo comprometeuse a paralizar todas as obras do Gaias.

Isto é un proxecto totalmente opaco que necesita de moitas explicacións, por exemplo parece imposible que o proxecto do teatro sirva para as novas funcións que lle quere dar ao edificio polo que habería que facer un novo proxecto adecuado e cambiar todo o existente, o que tería un custe importante.

Tampouco, sen ter máis información, se ve a necesidade dun edificio novo para o Consorcio que, polas súas funcións, terá pouco persoal propio, e en todo caso sería máis barato facelo nun campus. Todos sabemos por experiencia os gastos extras que teñen os edificios do Gaias pola súa estrutura, pola pedra que os recubre e moitas máis características propias que fan a construción moi cara.

 Grupo Parlamentario

Dada esta situación, e tendo en conta que 17 millóns de euros é unha cantidade moi importante para investir por exemplo na investigación universitaria, cremos que o goberno ten que dar moitas explicacións para este proxecto.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Cales son as causas que motivan incumprir a promesa do Sr. Feijoo de paralizar as obras da Cidade da Cultura?

2ª.) Vai servir o proxecto construtivo dun teatro para as función dun Consorcio Universitario? Vaise cambiar este proxecto? Que custo tería un novo proxecto ou unha adecuación do teatro para un centro administrativo?

3ª.) Por que afirma o Sr. presidente que outro proxecto custaría 30 millóns? Que proxecto? En que se basean estes cálculos?

4ª.) Que razóns existen para afirmar que o Consorcio Interuniversitario necesita un novo edificio? Cantas persoas van traballar neste Consorcio? Non existen en ningún campus instalacións suficientes para este Consorcio?

5ª.) Que tipo de sistema de contratación vaise levar a cabo para a licitación e adxudicación deste edificio?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 31/05/2018 17:28:32

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 31/05/2018 17:28:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Pero si existen varias diferenzas previas posteriores:

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.



- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros e compañeiras do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Por todo o exposto a deputada e o deputado que subscriben presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

1. Vai aplicar unha subrogación aos traballadores e traballadoras de SEAGA incluíndoas no SPDCIF?
2. De non ser así, vanlles aplicar algún tipo de puntuación ás traballadoras de SEAGA? En que termos e condicións?
3. Estableceron algún diálogo co comité de empresa para abordar esta cuestión?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 31/05/2018 18:14:17

Paula Quinteiro Araújo na data 31/05/2018 18:14:23

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 12 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.

Tras coñecerse a sentenza do caso “Gürtel” o día 24 de maio, todos os medios de comunicación, mesmo internacionais, comezaron a facerse eco do seu contido, a extensión das condenas e mesmo a repercusión que, sobre o Partido Popular e o presidente do Goberno de España, Sr. Rajoy, tería.

Por outro lado, o persoal dos servizos informativos da CRTVG sumouse ás mobilizacións dos seus colegas da CRTVE, para protestar polas inxerencias políticas no seu traballo, como se demostra co caso das concentracións chamadas “venres en negro”.

No caso da CRTVG, sobre a que se suscitan permanentemente dúbidas da súa imparcialidade informativa, todo parece indicar que existiron ese día instrucións para minimizar (ante a imposibilidade de ocultar) a presenza da sentenza nos informativos, nomeadamente, no Telexornal Mediodía.

Tal e como se recolle en diversos medios de comunicación, parece que a redactora xefa e presentadora estableceu na escaleta do informativo que o vídeo da sentenza de Gürtel debía durar como máximo 50 segundos (10 para a introdución desde o estudo e 35 ou 40 "máximo" para o vídeo da información); a cobertura da sentenza durou 76 segundos, entre a presentación e o vídeo, e foi incluído na segunda metade do informativo (tras a información do accidente pirotécnico de Tui e a do Consello da Xunta de Galicia).

Se comparamos esta cobertura coa que realizou a TVE (sobre a que, como se dixo, tamén existen demandas dunha maior independencia dos profesionais da información), vemos que esta canle dedicou dez minutos á cobertura desta noticia no Telediario 1 (entre o minuto 0:04:45 e 0:14:39).

 Grupo Parlamentario

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que o tratamento da noticia foi similar ao de outras canles públicas, nomeadamente a Corporación Radio Televisión Española?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Se non foi similar, a que atribúen a diferenza?

3ª) Existiu algunha indicación por parte do goberno da Xunta de Galicia sobre o tratamento que debía recibir a cobertura da noticia da sentenza do caso Gürtel nos informativos da TVG?

4) Se non existiron, considera que a decisión tomada pola redactora xefa e presentadora foi correcta?

5) Ante as novas aparecidas noutros medios de comunicación sobre as decisións da redactora xefe no relativo a esta noticia, considérase pertinente dar algunha explicación ao respecto?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/05/2018 13:26:26

Noela Blanco Rodríguez na data 28/05/2018 13:26:33

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e **Paula Vázquez Verao**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.

Moitos dos profesionais que traballan diante e detrás das cámaras de RTVE – redactores, reporteiros, presentadores...– decidiron vestir de loito todos os venres ata que se reactive a reforma da presidencia e do consello de administración da entidade. Dende fai semanas, a iniciativa ten un importante seguimento nas redes sociais, nomeadamente en Twitter, onde chegou a ser trendind topic nacional coa etiqueta #ViernesNegro.

As protestas orixináronse o pasado mes de abril, cando o Partido Popular, facendo valer a súa maioría, paralizou a renovación da cúpula de RTVE. As accións foron motivadas polos Consellos de Informativos e os sindicatos da compañía, pero pronto foron secundadas por gran parte dos traballadores e traballadoras. O motivo da protesta son os casos de manipulación informativa que o persoal das canles públicas estatais lle achacan a actual directiva.

Dende o Goberno do Estado non se tardou en ofrecer unha resposta á crise. A súa postura foi resumida por Cristobal Montoro cunha frase concisa, pero repleta de contido: “Al que no le guste TVE, que cambie de canal”. Unha maneira ben sutil de dicir que os populares non teñen a máis mínima intención de deixar de manipular a televisión pública.



A protesta dos profesionais da RTVE tivo o seu eco tamén en Galicia, na delegación territorial de RTVE e na CRTVG.

O venres 25 de maio, persoal da TVG e da Radio Galega decidiu unirse ao loito iniciado na RTVE. Ademais de apoiar as demandas dos traballadores e traballadoras das canles públicas do Estado, solicitaron a creación dun Consello de Informativos e o fin da manipulación política nos medios públicos galegos. A súa protesta reflexouse nas redes sociais, onde foron expostas as súas peticións e denuncias coa etiqueta #VenresNegroTVG.

As denuncias por manipulación na TVG e na Radio Galega son, por desgraza, unha constante, pero nos últimos tempos a situación agravouse aínda máis. Non hai máis que ver o que aconteceu na cobertura do caso Gürtel para comprobalo.

A redactora xefa e presentadora Marta Darriba esixiu que a información da sentenza da Gürtel non durase máis de 50 segundos, 10 para a introdución dende o estudo e 40, como máximo, para o vídeo. A cobertura durou ao final 76 segundos, pero nela apenas se lle deixaba ningún espazo ás voces críticas.

Nada disto é de estrañar tendo en conta que o presidente da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, xornalista vencellado historicamente ao Partido Popular, leva no posto dende o ano 2009, ano no que Feijóo gañou a presidencia.

A gravidade do que acontece nos medios de comunicación públicos aféctanos a todos na medida na que vulnera o dereito cidadán a un información accesible e de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta:



- Pensa facer algo a Dirección da CRTVG para atender as demandas dos e das profesionais?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/05/2018 10:50:05

Paula Vázquez Verao na data 31/05/2018 10:50:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Anxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

Durante a xornada de hoxe a CRTVG está a transmitir na súa primeira canle o debate sobre a Moción de Censura a Mariano Rajoy que se sustancia no Congreso dos Deputados.

Lamentablemente a TVG decidiu saltarse a lei e o seu mandato marco, unha vez mais, para fortalecer e repetir o argumentario do Partido Popular, esquecendo a súa obriga de información veraz e imparcial. Así durante o debate a TVG establece un criterio de transmisión claramente discriminatorio, interrompendo as intervencións dos proponentes da moción de censura, e dos grupos que a apoian, para permitir a intervención de tertulianos claramente aliñados co argumento do ata agora presidente Rajoy. Cuestión que non acontece durante as intervencións do Goberno.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario de En Marea, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

Considera necesario, a corporación da CRTVG, esaxerar a súa manipulación informativa ata o punto de tratar de reforzar unicamente os argumentos do Goberno do Partido Popular durante a transmisión do debata da moción de censura?



Van continuar nesta teima de desprestixiar a nosa televisión pública, xa transformada no medio do expresión do Partido Popular ?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 31/05/2018 13:57:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/05/2018 13:57:40

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727